www.codigocero.com

Nº 138

Código cero

Revista de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia

CITIC E O PROXECTO TECRAIL

Redes sen fíos para a contorna ferroviaria

MAIORES EN FORMA

A Deputación de Lugo bota man das TIC para favorecer o envellecemento activo

COMUNIDADES DE CONDUTORES

Os profesionais galegos achegan TIC para o transporte rendíbel

CONTROL SUPRIMIR

Tegnix pon en marcha un innovador paquete de mantemento

Aplicación APPARCAR

Chega a Santiago a reserva de estacionamento vía móbil

WWW.DEPUTACIONLUGO.GAL

AXÚDANOS A MELLORAR LUGO E PROVINCIA

COA APP GRATUITA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

XESTIÓN URBANA
REXISTRO DE INCIDENCIAS
ALTAS EN RECURSOS FORMATIVOS
NOVAS DE INTERESE

APP

DESCARGA DIRECTA DA APP DA DEPUTACIÓN DE LUGO

App Store

Google play

DEPUTACIÓN DE LUGO

avanza2

Equipo

DIRECTOR:
Xosé Mª Fernández Pazos
director@codigocero.com

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

SOCIO FUNDADOR:
Carlos Ballesteros
c.ballesteros@codigocero.com

REDACTOR XEFE:
Fernando Sarasqueta
redaccion@codigocero.com

FOTOGRAFÍA:
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xesús Vázquez

DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Óscar Louzán
publicidade@codigocero.com

PUBLICIDADE:
Carlos Ballesteros Dios
xestion-publicidade@codigocero.com

EDITA:
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.-fax: 981 530 268
www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com

IMPRIME:
Gráficas Garabal, S.L.
Tel.: 981 56 25 95
graficasgarabal@graficasgarabal.es

Número 138
(xaneiro - febreiro)
Publicación periódica.

Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579 -7554

cando leas a revista, compártea....
.... cun amigo, un familiar, ou
dóaa á biblioteca do teu barrio.
Cantos máis sexamos, máis cambios
conseguiremos

Sumario 138

» novas

5 Resumo de actualidade TIC con especial fincapé nas cousas que acontecen na nosa terra e dende a nosa terra

» reportaxes

9 Política Lingüística e Xuventude convidan a mocidade a seducir en galego a través das TIC
10 Toma & Go, comunidade para facilitar envíos e traslados compartidos
11 O CITIC presenta en Málaga tecnoloxía para fornecer telecomunicacións de calidade ao tren
12 O CiTIUS achega novas ferramentas para extraer, analizar datos en galego e castelán
13 O CPETIG fornece fórmulas axeitadas para acadarmos unha Rede máis segura
14 A Deputación Pontevedra fornece as empresas o seu módulo de Facturación Electrónica
16 AMTEGA traballará para implantar en 2015 o posto de traballo dixital entre os funcionarios
17 A Xunta e o Concello de Santiago compartirán infraestruturas TIC
18 O Concello de Santiago pon en marcha a proba piloto da aplicación Apparcar
20 O CPEIG lembra as cousas que podemos facer para protexermos os nosos datos
21 O CPEIG conmemora o papel da muller nas novas tecnoloxías
22 A Deputación de Lugo fomenta o envellecemento activo a través das TIC
24 Ciencia en galego: DivulgAcción achéganos á aplicación práctica dos estudos de Newton
25 Tegnix lanza Control Suprimir, unha innovadora e libre plataforma de mantemento
26 Achegamos o máis salientábel do mes en materia de software libre
27 A innovación galega segue a dar importantes mostras de boa saúde
30 Entrevistamos aos responsábeis de Yoloreparo, os boxes de autoarranxo de móbiles en Vigo

» gadgets

31 Debullamos con todo luxo de detalles os trebellos tecnolóxicos da tempada

» xogos

33 Repasamos o máis salientábel dos días pasados en materia de xogos e consolas

Neste número....

En Código Cero queremos falar sempre das novas tecnoloxías da información en positivo, buscar sempre a vertente educativa, reivindicativa, social, saudábel, respectuosa co medio. Non é unha tarefa difícil, xa que por moi críticos que sexamos co exceso de dispositivos e tecnoloxías ou cos malos hábitos no uso dos mesmos, sempre poderemos atoparlles unha vertente útil aínda que non queiramos facelo, aínda que nos pechemos en banda, e hai xente moi teimuda. Este número 138 de Código Cero é un exemplo do que acabamos de dicir: unha escolma de cousas interesantes (varias por páxina) que están a facer as nosas empresas do sector e das que, por moi antitecnolóxicos que sexamos, podemos comezar a gabarnos, aínda que sexa discretamente e sen dicirllo a ninguén. Porque, falando seriamente, como non verlle o potencial e os valores tecnolóxicos, económicos e medioambientais a cousas como Toma&Go (comunidade para facilitar envíos e traslados compartidos), Stukers (recurso para facilitarnos a procura dos compañeiros de vivenda ideais) ou Diacamma (plataforma social para evitar que os ingresos e os aforros se nos vaian en conducir)? Non se trata, non, de servizos e propostas que veñen de lonxe, senón de servizos e propostas que veñen da nosa terra e que nos engaiolaron e decidimos reflectir neste número 138. Como tamén decidimos reflectir a aplicación Apparcar, tamén de raizame galega, unha ferramenta da que falamos nas páxinas centrais e que se está comezando a implantar en Santiago co obxectivo de facilitarnos ao máximo a busca de estacionamento, ao tempo que se minimizan problemas de tráfico e desprazamentos innecesarios. Temos que recoñecelo: xa entendimos hai tempo que as novas tecnoloxías poden ser útiles e agora, o que estamos vendo neste tempo, é unha industria (a nosa) que non fai outra cousa que lucirse. E está ben que así sexa. Avante coa tecnoloxía galega!a. ■

Humor tecnolóxico de Henrique Neira

Síguenos en:

facebook.com/codigocero | @codigocero | boletín diario de novas | google + | google currents

DEZ ANOS ATRÁS...

Hai unha década parecíanos en Código Cero unha obriga facer un percorrido por uns aparellos ós móbiles, que a forza de telos constantemente en mochilas, petos e bolsos, non se lles emprestaba daquela a suficiente atención. Facebook estaba nos seus inicios, nacera un ano antes, e a Twitter aínda lle faltaba un fervor par arrancar, mentres que o famoso WhatsApp nin se albiscaba no horizonte, e iso da internet móbil .....

O móbil en si mesmo era e é un filón informativo, sobre todo se temos en conta que está coas persoas, alí onde estas estean. Falabamos da terceira xeración. En Código Cero ofreciamos nesta nova entrega a número 29 de principios de 2005, unha viaxe polo mundo das mensaxes en texto, que eran tantas como chamadas, e que podían pensabamos daquela, chegar incluso a variar o rumbo social e político dun país. Acertamos pero non cos SMS.

E xa que falamos de mozos, mozas e información, tratabamos a Infopartix e a Xuventude Galicia Net, hoxe fenecidas. Dous encontros convocados pola Xunta e que xiraban en torno á máxima: intercambiar coñecemento.

Completabamos aquel número 29 con reportaxes sobre a chegada da banda ancha á totalidade do territorio galego prevista para o 2007, sobre mulleres "ferpectas" feitas por computador e sobre un curioso fenómeno, o de persoas vinculadas á relixión cristiá que asumen as novas tecnoloxías da información como unha canle tan boa como outra calquera para chegar ós fieis ou, do mesmo xeito, a todas aquelas persoas que, sen ser fieis, precisen de apoio e consellos espirituais. ■

A **Coruña** é a urbe galega con máis usuarios de **Facebook** e **Twitter**

A consultora The Social Media Family vén de avaliar a fondo a presenza dos medios sociais nas localidades con meirande poboación do Estado. Como era de agardar no seu estudo, en termos xerais, a máis poboación, máis usuarios. Con todo esta regra non sempre se cumpre e o caso galego é paradigmático disto: á cabeza das urbes galegas con máis comunidade 2.0 non está Vigo (a máis poboada, con 294.997 habitantes) senón A Coruña (244.810 habitantes). Volvendo á clasificación estatal, Madrid con 2,8 millóns de usuarios é a cidade española con máis perfís de Facebook. Isto significa que practicamente a metade da súa poboación ten conta de seu na dita plataforma.

Ademais, o 17% dos seus habitantes está no Twitter, o que tamén sitúa á cidade á cabeza das urbes españolas.

Segundo se apunta no estudo, a suma da presenza en liña das 50 cidades avaliadas representa o 63% do total de usuarios rexistrados no conxunto do Estado en Facebook. No que atinxe a Twitter, a dita porcentaxe sobe até o 77%. Por comunidades, unha vez máis a de Madrid é máis 2.0, con 3,5 millóns de usuarios en Facebook e outros 576.000 en Twitter.

Volvendo ao que máis nos interesa (o caso galego) e segundo reflicte Eco (Eixo Atlántico), A Coruña atesoura 192.000 perfís de usuarios de Facebook e 30.866 de Twitter, superando a Vigo en 22.000 e 4.885, respectivamente. Ambas son as dúas únicas cidades galegas que figuran no dito informe entre as 50 primeiras de España en uso de redes sociais. ■

GAIN prevé a creación de 250 empregos cualificados coa nova convocatoria de **Unidades Mixtas de innovación**

OInnovación aberta e cooperación. Esta é a base da iniciativa presentada o 18 de febreiro polo director da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Manuel Varela. Máis polo miúdo, deu a coñecer os detalles da segunda convocatoria do programa de Unidades Mixtas da Xunta, que, segundo explicou, diríxese no xenérico a emendar os posíbeis baleiros de comunicación e colaboración entre os centros tecnolóxicos e as empresas da nosa terra e, no concreto, a impulsar centros mixtos de innovación onde xunten forzas uns e outras. Con esta nova edición, subliñou, xuntarase unha mobilización de 50 millóns de euros "en desenvolvementos innovadores de alto impacto". Por outra banda, Varela Rey dixo que esta segunda convocatoria das Unidades Mixtas suma 9 millóns de euros en apoios, engadíndose aos preto de 7 millóns xa aportados pola Xunta para a primeira convocatoria. "Ambas, grazas ao investimento público privado, suman 250 postos de traballo de alta cualificación", explicou.

A iniciativa está aberta a centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros galegos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) que acrediten ter captado o interese de empresas para desenvolver conxuntamente proxectos de innovación.

Varela Rey fixo tamén falou das primeiras 8 unidades mixtas apoiadas pola Xunta dentro da primeira convocatoria, enmarcadas en sectores estratéxicos da economía galega e nas que participan empresas que son unha referencia nos seus respectivos sectores. Iniciativas das que xa temos falado en Código Cero, como por exemplo a que lideran PSA xunto ao CTAG e o CIS Galicia (investigación para favorecer a condución autónoma, automatizada e intelixente) ou a que impulsan Everis e Gradiant para mellorar os coidados socio-sanitarios (tecnoloxías para innovar na saúde pola vía das TIC). ■

Verkami pecha os seus primeiros 4 anos de actividade con **139 proxectos galegos financiados**

A plataforma de micromecenado española Verkami está a celebrar os seus primeiros catro anos de actividade facendo un repaso da súa traxectoria na que destacan a súa contribución a facer realidade produtos culturais, en contraste co que acontece en plataformas de ámbito internacional nos que a electrónica de consumo consegue imperar.

Verkami serviu para facer realidade os soños de moitos creadores, de xeito que libros, discos, xogos, cómics... un total de 2.674 proxectos conseguiron financiamento grazas aos 13 millóns de euros que achegaron 350.000 mecenas durante estes 4 anos de actividade. No caso galego foron 139 os proxectos financiados por 17.000 mecenas que achegaron 551.000 euros, sendo os proxectos de máis éxito o xogo de supervivencia *Huida de Silver City: La Invasion*, a longametraxe *DHOGS* e a novela gráfica *DestiNo HëRgüsS de Manel Cráneo*.

Os volumes que move Verkami son moito máis modestos que os de outras plataformas como Kickstarter ou Indiegogo, o que non impediu que o filme *L'Endemà* conseguise 348.830 euros grazas ao apoio de 8.101 mecenas ou que o xogo *La Puerta de Ishtar* conseguise superar un 572% o seu obxectivo, deixando claro que para lanzar un proxecto de micromecenado ten moito peso a elección de plataforma, sendo Verkami unha das máis axeitadas para produtos culturais, o que testemuña que a súa porcentaxe de éxito sexa do 70%, o máis elevado do mundo segundo os seus responsábeis. ■

Chuza! pide aos eurodeputados que defendan a nosa Rede fronte a **Taxa Google**

A reforma da Lei de Propiedade Intelectual aprobada o pasado mes de outubro está a pasar factura dende a súa entrada en vigor, tal e como se prevía, sobre todo ao habilitar unha compensación económica para editores de novas pola explotación no ámbito dos agregadores daquelas na Internet. Isto, como lembraremos, implicou o peche de Google News e guindou un preocupante panorama de incerteza para plataformas como a galega Chuza! ou Menéame, que se ven obrigadas a pagar pola actividade dos seus usuarios compartindo novas. Como era de agardar, as voces de rexeitamento da reforma foron e son moitas e variadas, tanto dos usuarios e lectores dos agregadores como dos responsábeis das publicacións periódicas. A Asociación Cultural Chuza! non foi unha excepción, e agora vén de pedirlle aos eurodeputados galegos que "defendan a Rede galega e pida a abolición da lei actual ou a exención do pago da taxa".

A misiva foi enviada aos eurodeputados Francisco Millán (PP), José Blanco (PSOE), Lidia Senra (AGE), Javier Couso (EU) e Ana Miranda (BNG). Nela manifóstanse "os graves prexuízos que supón a entrada en vigor da última revisión da Lei de Propiedade Intelectual á comunidade virtual Chuza e á Rede galega en xeral". Segundo explican no chamamento os responsábeis da comunidade, "Chuza é unha comunidade constituída como Asociación Cultural e ten como motivación principal dar visibilidade a blogs e páxinas web da rede galega (usuarios, colectivos, empresas e institucións), amosando as súas ligazóns e unha parte mínima dos seus contidos a un público xeral e maioritariamente galego". Ao seu xuízo, trátase claramente dunha actividade sen arela de lucro e sen filiación política ou partidaria algunha. De feito, din, a comunidade valora as ligazóns seguindo criterios de afinidade coa realidade local e/ou cultural galega e outras culturas afíns.

O problema, explícase, chegou coa entrada en vigor da última revisión da LPI, tamén chamada Taxa Google. En virtude dela, a actividade de Chuza fica suxeita "á taxación arbitraria por parte dun organismo privado". Ao fío disto, dende a asociación fan saber que non é posíbel para os seus integrantes permitírense taxación de ningún tipo, "xa que todos os nosos esforzos tanto humanos como económicos están enfocados a actividades sen rendemento económico".

Para o colectivo, está fóra de toda dúbida que a lei española está a crear "un grave prexuízo", especialmente a unha comunidade minorizada, como é o caso da galega, que depende de webs como a de Chuza! para amosar contidos e atraer público. ■

Os clientes de **Ono** e o negocio fixo frean a caída de ingresos de **Vodafone**

Vodafone vén de amosar as súas cifras relativas ao último trimestre de 2014, un período que se salda cunha freada da caída de ingresos (o descenso foi do 8,9%, contrastando co 9,3% e o 15,3% de caídas nos períodos previos) e cun medre considerábel no seu número de clientes, crecemento aplicábel non só aos usuarios de telefonía móbil senón tamén de redes fixas. Así, a carteira dos primeiros usuarios medrou en 31.000 altas até acadar a cifra de 14.8 millóns, incluíndo as cifras conxuntas de Vodafone e Ono. A base de usuarios de liñas fixas tamén subiu en 70.000 novos usuarios, chegándose a un total de 2.776.000, dos que cales 1.595.000 pertencen a liñas de fibra óptica.

Polo que respecta aos ingresos, seguen a ser negativos, aínda que en menor medida se os comparamos cos períodos previos. Con respecto ao acontecido o ano anterior, Vodafone ingresou un 8,9% menos respecto ao ano 2013. As cifras de negocio fixo, pola súa banda, aumentaron nun 9,9% en comparación ao mesmo período do ano anterior, sendo esta suba unha das principais razóns da recuperación de Vodafone en España en relación aos períodos anteriores de 20014. Os ingresos por servizo, tendo tamén en conta as cifras de Ono, acadaron os 1.171 millóns de euros.

Polo que atinxe á integración de Ono, empresa española recentemente adquirida por Vodafone, en palabras desta compañía "avanza de acordo aos plans previstos". Isto quere dicir que dende o 25 de agosto existe unha oferta cruzada para os clientes de ambas as compañías, que Vodafone xa emprega a rede de fibra de Ono na súa transmisión e que a firma adquirida xa se beneficia das economías de escala de Vodafone na compra dos seus terminais. Ademais, "séguese avanzando na integración das oficinas das dúas organizacións", engade Vodafone, que explica tamén que "as iniciativas de integración marchan segundo o contemplado e permitirán xerar unhas sinerxías previstas en valor actualizado de 2.000 millóns de euros en custos e 1.000 millóns de euros en ingresos". ■

AGBO presenta unha actividade *bootcamp* de programación para lanzarnos ao **Silicon Valley**

DAGBO vén de presentar un produto formativo que tira proveito das metodoloxías propias dos *bootcamp* (programas intensivos, actividades moi especializadas) para prepararnos o camiño aos grandes centros de desenvolvemento TIC. O produto, moi indicado para desenvolvedores e emprendedores TIC, chámase KeepCoding StartUp Engineering Master BootCamp. A primeira edición comeza o vindeiro 14 de marzo. Os contidos serán impartidos a través dun modelo de *b-learning*, que segundo informan os organizadores permite que os alumnos poidan seguilos desde calquera lugar do mundo. A duración do programa é de seis meses. O gran obxectivo: aprender en que consiste a arquitectura fundamental de calquera produto de software e como desenvolvelo.

Máis en detalle, familiarizarase aos participantes co miolo que acubilla calquera aplicación ou programa de éxito da actualidade (Facebook, Whatsapp, Instagram, Line, Pinterest, Spotify, Evernote), "xa que moi poucos profesionais son os que coñecen e manexan con soltura estas arquitecturas e estes elementos", arquitecturas e elementos que, por outra banda, adoitan repetirse con pequenas variacións e ser sempre empregados de xeito semellante.

Por certo que a esa formación eminentemente técnica, engadiránselle prácticas, titorías e unha serie de clases maxistrais e consellos clave con personaxes relevantes e internacionais da industria das *startups*, a programación e o emprendemento. Os contidos afundirán nas máis variadas cuestións de índole práctica; dende cousas como o funcionamento real do Silicon Valley até as claves que debemos ter en conta e nunca esquecer sobre como emigrar aos Estados Unidos e traballar dende alí. Segundo engaden os responsábeis do curso, "trátase dun programa 100% dirixido á industria, único na súa categoría, mesmo a nivel internacional". Para quen queira máis información, dicirlle que recentemente celebrouse un *webinar* de presentación do BootCamp coa participación de convidados estranxeiros. ■

A **UVigo** e **Gradiant** participan nun proxecto para fornecer a nube segura

É a nube un lugar seguro? Esta pregunta vén moi a conto á hora de falarmos do proxecto Witdom (witdom.eu), *empoWering prIvacy and securiTy in non-trusteD envirOnMents*, unha proposta coordinada pola empresa de servizos dixitais Atos España coa participación de sete socios europeos, entre os que se atopan a Universidade de Vigo e o Centro Tecnolóxico Gradiant. E indo ao Witdom, con esta idea preténdese buscar mecanismos para garantir que os datos dos usuarios estean en todo intre protexidos e que nin tan sequera o provedor da nube os poida coñecer. Deste xeito, a privacidade, a seguridade e a integridade da información amoreada na nube estará sempre resgardada.

Segundo informa a Universidade de Vigo, o orzamento do proxecto ascende a case catro millóns de euros, dos que a Comisión Europea financia uns 2,8 millóns no contexto do programa H2020. Witdom céntrase (máis polo miúdo) no procesado seguro de datos xenómicos na nube, como base do avance na detección temperá de enfermidades xenéticas, así como na análise de datos bancarios. "Tanto os datos xenómicos coma os bancarios son especialmente sensíbeis e a súa axeitada protección en contornas non confiábeis é crucial para mellorar a privacidade dos usuarios e eliminar a necesidade de confianza cega nos provedores de servizos", explica o catedrático do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións da Universidade de Vigo, Fernando Pérez, que xunto ao tamén investigador do Grupo de Procesado de Sinal en Comunicacións, Juan Ramón Troncoso, lidera a participación da Universidade de Vigo neste proxecto de tres anos, no que o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia, Gradiant, participa como entidade asociada á institución académica viguesa, achegando a súa experiencia no deseño de sistemas na nube e de ferramentas de comunicacións anónimas e análises de privacidade.

▲ **Os investigadores Juan Ramón Troncoso e Fernando Pérez achegarán a súa experiencia en Witdom**

Pola súa banda, a Universidade asume a coordinación científico-técnica do proxecto, ademais de liderar o paquete de traballo de investigación fundamental en procesado seguro de datos e sinais.

Para rematar, subliñar que para conseguir que o provedor da nube opere sobre os datos dos usuarios sen que estes deixen en ningún intre de estar cifrados, Witdom céntrase en desenvolver tecnoloxías eficientes de procesado con datos cifrados, amais de introducir técnicas de protección da privacidade dos individuos que acceden ao servizo e métodos de análise e verificación do axeitado funcionamento dos sistemas actuais e futuros. ■

A **LaconNetwork** celebrou os seus 5 anos en **Compostela**

Os responsábeis dos eventos LaconNetwork celebraron o quinto aniversario destas xuntanzas nunha xornada que se desenvolveu hai uns días no Auditorio de Abanca, en Santiago de Compostela. Para amenizala contouse coa presenza do humorista galego Yoni Mediogramo.

O encargado de abrir a xornada foi o presidente de Altia e do Club Deportivo da Coruña, Tino Fernández, que é todo un exemplo de emprendemento e consolidación no sector tecnolóxico galego, o que encaixa bastante ben dentro do espírito destes encontros para os albaneis da nube na busca de sinerxías e o intercambio de coñecemento. Como iniciar un proxecto non é algo carente de atrancos, continuou a mañá cunha mesa redonda sobre os atrancos e fracasos aos que teñen que facer fronte os emprendedores ao botar a andar os seus proxectos, temática que abordaron Javier Pazos (ReallyLateBooking), Manuel Dafonte Catoira e Manuel Montes.

Para afondar no *ecosistema emprendedor*, os elementos que poden axudar a dar un pulo ao emprendemento e acelerar o crecemento dos proxectos, xuntáronse nunha mesa redonda distintos axentes que contribúen a tal fin, como son Juan Cividanes (XesGalicia), Ana José Varela (Fundación Barrié), Martí Dalmases (business angel), Francesc Homs Ferret (INEO Corporate) e Ismael Valero Martínez (Lanzadera).

E como un punto de vista diferente do emprendemento, un dos pais da LaconNetwork, Frankie Gómez (ConfirmSign) quixo xuntar no escenario a profesionais que crearon os seus negocios antes da emerxencia do sector TIC. Comentaron así a súa traxectoria emprendedora Francisco Alfonso (Adega Pedralong), Miguel Conde (BAP&Conde) e Bartolomé Pidal (Grupo Nortempo).

Para pechar a parte máis formal desta xornada, o director xeral de iBird, Enrique Sánchez, impartiu un relatorio que precedería ao xantar que é o auténtico núcleo da LaconNetwork, xa que é a desculpa para xuntar a emprendedores galegos do sector tecnolóxico para verse cara a cara e explorar oportunidades conxuntas. ■

Telefónica lanza un servizo para acadar un uso seguro dos móbiles nos menores de idade

Telefónica vén de lanzar no mercado español un servizo de control para nais, pais ou titores que lles vai facilitar a xestión da vida dixital das nenas e os nenos con dispositivos móbiles. A nova achega, chamada Movistar Protexe, permite en palabras da operadora "protexer en tempo real e dende calquera lugar até 10 aparellos diferentes, achegando todas as garantías de seguridade para os menores". Deste xeito, a través da web do servizo, as nais e os pais poderán facer cousas como establecer límites de uso responsábel, bloquear contidos inapropiados ou perigosos, localizar o dispositivo do menor ou restrinxir certas aplicacións. O servizo lánzase cunha subscrición mensual desde 1,5 euros.

Xa nun plano máis detallado, Movistar Protexe abrangue medidas de salvagarda para todo tipo de trebellos (PC, Mac, tableta, smartphone, iPad, iPod, iPhone e Kindle) e posibilita a configuración de cantos perfís desexemos para cada dispositivo, o establecemento de horarios de uso (tanto para navegación como para o uso de aplicacións), a achega de informes cotiáns e detallados e a recepción de alertas se o menor visita páxinas non axeitadas ou excede o tempo de uso fixado. ■

Lingua de namorar

Política Lingüística e Xuventude convidan a mocidade a seducir en galego a través das TIC

O pasado venres 6 de febreiro tiña lugar na sede da Consellería de Traballo a presentación da terceira edición do concurso *Lingua de namorar,* un proxecto da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Estamos perante un certame de mensaxes de amor encamiñado á mocidade de entre 14 e 35 anos que busca dinamizar o uso do galego nas relacións persoais e na Internet. Segundo se sinalou no acto, *Lingua de namorar* é un programa que ten como obxectivos "fomentar entre a mocidade o uso do idioma galego como lingua útil, axeitada e normal para todos os intres da vida"; tamén para empregar coas ferramentas que nos achegan as TIC; e para amosar os nosos sentimentos cara a outras persoas, piar básico (amosar sentimentos) da creatividade en xeral e do alento literario en particular.

"A terceira edición de *Lingua de namorar* arranca na semana da celebración da Candeloria, unha data especial que queremos aproveitar para poñer en valor o galego como lingua de namorar, lingua do amor, das relacións persoais e dos afectos", explicou o secretario xeral de Política Lingüística Valentín García, quen rematou salientando que "coa posta en marcha da iniciativa búscase tamén aproveitar as oportunidades de promoción do galego e de participación que achega a web 2.0 para estimular a interactuación en galego da xente nova". Isto apóiase no seguinte: "As linguas asociadas á creatividade, á vangarda e ás TIC son as que collen o tren de futuro", engadiu.

Pola súa banda, Ovidio Rodeiro afirmou que "logo da aprobación da primeira Lei de Xuventude de Galicia na pasada lexislatura, a dinamización e promoción da lingua galega entre a mocidade é un eixo prioritario da acción conxunta de todo o Goberno".

E indo ao miolo de *Lingua de namorar,* para os interesados en participar: poderán facelo os mozos e mozas de 14 a 35 anos, que se dividirán en dúas categorías de idade: de 14 a 19; e de 20 a 35.

As mensaxes participantes deberán estar escritas en lingua galega e poderán redactarse en prosa ou en verso. A súa extensión máxima será de 350 caracteres, incluídos os espazos en brancos. Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

▲ **Presentación do certame nunha imaxe de Ana Varela**

Para poder enviar as mensaxes, cómpre rexistrarse na web do concurso (www.xunta.es/linguagalega/lingua_de_namorar) e cubrir o formulario de inscrición. Todas serán publicadas nesta páxina e estarán identificadas polo título e máis polo número que se lles asigne.

A data límite para enviar as mensaxes de amor é o 22 de febreiro. Unha vez rematado este prazo, abrirase outro para realizar as votacións, que abranguerá do 23 ao 28 de febreiro.

O xurado do concurso elixirá as mensaxes gañadoras de entre as 50 declaracións máis votadas en cada categoría. As mensaxes gañadoras publicaranse o 9 de marzo na páxina web do concurso.

Os premios serán tres por cada unha das categorías. Na categoría A (de 14 a 19 anos) a persoa gañadora do primeiro premio será galardoada cunha tableta 4.0 e máis cunha actividade de aventura para dúas persoas; o segundo premio consiste nun disco duro Toshiba Canvio Basics 2.5 polgadas; e o terceiro premiado recibirá unha videocámara deporte dixital impermeábel. Pola súa banda, na categoría B (de 20 a 35 anos), o primeiro premio consiste nunha cámara somerxíbel Fujifilm FinePix XP70 e máis nunha actividade de aventura para dúas persoas; o segundo nunha tableta para lectura Kindle, con pantalla táctil de 6 polgadas; e o terceiro premio consiste nunha tarxeta agasallo Spotify Premium de 6 meses. ■



A viaxe que rende

Emprendedores da UVigo poñen en marcha unha comunidade para facilitar envíos e traslados compartidos: Toma&Go

Ao abeiro da Internet e as redes sociais estanse a consolidar no noso plano *offline* metodoloxías e comportamentos que son moi semellantes aos das comunidades de desenvolvedores, emprendedores ou micromecenas. Imponse así a fórmula colectiva de cooperar, xuntar forzas e optimizar recursos, en detrimento de facer as cousas de xeito individual. Ao fío desta maneira de traballar, un equipo de estudantes/investigadores da Universidade de Vigo vén de aplicar estas metodoloxías ao ámbito de transporte. Máis polo miúdo, ao eido dos envíos e os traslados compartidos. Falamos de Toma&Go (tomandgo.com), iniciativa emprendedora baseada no consumo colaborativo e cuxo obxectivo é acadar unha mobilidade máis sustentábel e eficiente a través do uso das novas tecnoloxías centradas no reparto de gastos e consumo. Toma&Go, para entendérmonos, conecta a persoas que queren enviar algo con viaxeiros.

A iniciativa, contan os seus impulsores (Marta, Antonio e Fabio), xurdiu coa arela de achegar total dispoñibilidade no temporal ("a disposición do cliente os 365 días do ano") e tamén no espacial (a idea é crear a mellor rede de envíos colaborativos de España, "a través da transparencia e a confianza entre os usuarios"). Ao seu xuízo, a empresa ten a súa raizame en preguntas que todo viaxeiro por conta propia se tivo que formular algunha vez: "Por que circular co vehículo baleiro?", "Habería algunha forma de rendibilizalo ou minimizar os custes?" Sen ir máis lonxe, Toma&Go achega respostas a estas cuestións, subministrando servizos tecnolóxicos de comunicación para conectar a persoas que queren enviar algo a través de viaxeiros. Así nolo explican: "Todo aquel que teña un oco na súa maleta ou vehículo poderá levar un paquete a outro usuario sexa cal for o medio de transporte empregado, coche, tren ou avión, podendo a través da nosa web pactar unha serie de características do envío como pode ser o lugar de recollida ou a recompensa".

A maiores, calquera usuario pode publicar unha viaxe ou un envío e só terá que agardar a que outro se poña en contacto con el ou ela para pactar o envío ou traslado, engaden os responsábeis de Toma&Go, que tamén lembran que hai diferentes tipos de envíos dependendo do espazo que teña o viaxeiro e das súas preferencias: paquetes ananos, pequenos, grandes, xigantes e especial. "Ademais", explican, "dáse a opción de levar outra persoa, un compañeiro de viaxe, ou realizar un encargo do lugar de orixe".

Tamén se permite, unha vez entregado o envío, que o propietario do mesmo poida dar a súa opinión sobre o recibido para aconsellar (ou non) vindeiros encargos co viaxeiro responsábel do subministro.

Toma&Go é un servizo nado hai uns seis meses dende Vigo. Segundo sinalan os seus creadores, a idea de poñelo en marcha foi collendo corpo tras "moitas horas de reflexión" e durante certas estadías no estranxeiro, "onde grazas en parte ás baixas temperaturas e tamén a unhas boas doses de teimosía comezou a desenvolverse o que até ese intre era só unha só unha idea: a de facilitar os envíos e traslados". ■

TECRAIL, redes sen fíos para contornas ferroviarias

O CITIC PRESENTOU NO FORO EUROPEO PARA A CIENCIA UN PROXECTO PARA DOTAR DE TELECOMUNICACIÓNS AVANZADAS ÁS INFRAESTRUTURAS DO TREN ESTATAL



Os días 11 e 12 de febreiro, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) estivo presente en Transfiere (Transfire), 4º Foro Europeo para a Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, celebrado en Málaga, presentando as capacidades e proxectos de investigación máis relevantes do Centro.

Un deles foi o Proxecto TECRAIL, que persegue estudar a viabilidade das tecnoloxías LTE e a converxencia IP para proporcionar servizos de telecomunicacións sen fíos en contornas ferroviarias, de tal maneira que sexan aplicábeis á sinalización ferroviaria, a condución automática, as comunicacións embarcadas e as comunicacións tren-terra. Este proxecto viu a luz en outubro de 2011 e rematou en decembro do 2014.



Enmarcado dentro da convocatoria do Plan Avanza, detrás de TECRAIL atópase un consorcio formado por representantes da Administración -Adif e Metro de Madrid-, de empresas privadas -Alcatel e AT4Wireless- e, por suposto, do ámbito científico -Universidade da Coruña, Universidade Politécnica de Madrid e Universidade de Málaga-.

Segundo explica o CITIC ao fío dos achados que se deron a coñecer en Málaga (os seus porqués, os seus obxectivos), nos últimos anos as contornas ferroviarias transformáronse nunha área chave para o sector das Telecomunicacións. "Os grandes operadores levan anos tratando de facer contornas máis rendíbeis e eficientes", sinalan fontes do centro, que engaden que "as características específicas que envolven a contorna ferroviaria fan que as tecnoloxías LTE non sexan directamente trasladábeis a este ámbito sen estar altamente probadas, dado que a seguridade é unha das consideracións máis importantes".

Así, explica o CITIC, a necesidade de dotar aos trens dun sistema de comunicación sen fíos eficaz e seguro segue vixente, e a tendencia está a evolucionar do uso da tecnoloxía GSM-R cara ás tecnoloxías 4G. Que vantaxes presentan estas redes? Principalmente, maior velocidade e concorrencia de aplicacións móbiles, meirande calidade de vídeo e menor tempo de resposta que se traduza nunha mellora da interactividade.

En todo este contexto é onde entra en xogo o labor do CITIC, desenvolvendo un dispositivo hardware demostrador específico para a contorna ferroviaria que analiza as transmisións LTE e se estas son correctas ou non. Os datos capturados por este hardware procésanse para extraer métricas que permitan obter unhas conclusións acerca da calidade das tramas LTE recibidas. Luís Castedo, investigador principal da Área Tecnolóxica de Comunicacións Inalámbricas do CITIC, afirma que "deste xeito, o Proxecto TECRAIL poderá analizar a problemática, as situacións e as tecnoloxías, e traballar no desenvolvemento de solucións óptimas". Todo iso sen esquecer que o obxectivo principal reside en proporcionar as comunicacións IP tren-centro de control coa calidade requirida polas novas necesidades en control e seguridade, como a condución automática.

O proxecto contemplou, desde o inicio, a realización de probas nunha contorna real en vía con equipamento embarcado en trens, co fin de demostrar a aplicación real das conclusións obtidas e avaliar os resultados tanto en contornas interurbanas como en ferrocarrís convencionais e de alta velocidade. As instalacións escollidas foron o Metro de Madrid e as novas instalacións de Adif no Centro de Tecnoloxías Ferroviarias de Málaga.

E os seguintes pasos?

Unha vez máis, o CITIC mantén a súa mirada en Europa e, neste caso concreto, en Shift2Rail, unha iniciativa enmarcada dentro de Horizonte 2020 que promove labores de investigación e innovación para a definición do novo papel que o ferrocarril ha de xogar en Europa. ■

citic http://citic-research.org/

Cofinanciado por: UNIÓN EUROPEA FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL UNA MANERA DE HACER EUROPA
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Máis marxe de procesamento para a nosa lingua

O CiTIUS achega novas ferramentas para extraer, analizar e tratar moreas de datos en galego e castelán

O coñecemento medra e son precisos métodos que nos axuden non só a darlle acubillo senón tamén a clasificalo, xestionalo, ordenalo, protexelo e, sobre todo, recuperalo cando faga falta. Segundo cálculos recentes, o volume de información xerado dende a orixe da civilización até 2003 apenas equivalería á morea de datos que os internautas achegamos en dúas xornadas. Por outra banda, non hai ningún sinal que indique que esta tendencia vaia ir a menos, máis ben o contrario. Visto isto, estanse a xerar ferramentas informáticas específicas para afrontar este crecemento e favorecer a análise e procesado de datos. O problema é que non están na nosa lingua. Dende o CiTIUS de Santiago están a contrarrestar esta situación.

Como dixemos, a maré de coñecemento fai que sexa precisa unha fórmula de innovación constante no ámbito dos recursos TIC para o estudo, xestión e o tratamento dos datos, recursos que abranguen un amplo espectro de técnicas computacionais e atinxindo ás áreas de procesamento de linguaxe natural e extracción de información. Segundo explican fontes do CiTIUS, o procesamento de linguaxe natural "ten múltiples aplicacións, entre as que figuran os tradutores automáticos ou a aprendizaxe de idiomas *online*". Porén, estes avances están sobre todo dispoñíbeis en linguas como o inglés, pero pouco se fornece para idiomas como o galego, o galego-portugués ou mesmo o castelán. Nestes idiomas, sinala o centro compostelán, "a tecnoloxía da que podemos botar man é moito máis limitada".

Para contrarrestar estas eivas, o investigador do CiTIUS Marcos García adicou a súa tese doutoral ao desenvolvemento dunha serie de ferramentas tecnolóxicas destinadas a mellorar a capacidade de procesamento destas tres linguas, un traballo enmarcado na liña de investigación mixta na que dende hai tempo veñen colaborando o CiTIUS e o Grupo de Gramática do Español da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

▲ **O investigador Marcos García, no CiTIUS**

Os sistemas de extracción aberta, sinala o CiTIUS, "permiten analizar a Rede para obter e organizar automaticamente grandes cantidades de información, o que resulta moi útil á hora de discernir ideas ou mensaxes entre a maraña de datos da rede". Nun plano máis concreto e para facérmonos unha idea do alcance do traballo de Marcos, os resultados desta tese permitirían inferir de xeito moi sinxelo unidades semánticas doadamente recoñecibles, como «Santiago está en Galicia» ou «a idade de Messi é 27 anos», a partir da información dispoñíbel na Rede. O centro da USC tamén salienta que o sistema de extracción aberta é o primeiro en estar dispoñíbel para galego, portugués e castelán, e tamén é o primeiro en fornecer resultados altamente competitivos cos mellores sistemas en lingua inglesa. A solución, un conxunto de ferramentas lingüísticas desenvolvidas baixo unha licenza de software libre, pode ser descargada xunto cos seus elementos a través da ligazón gramatica.usc.es.

Por certo que a liña de investigación que acubilla este traballo deu lugar tamén á creación dunha nova empresa especializada en tecnoloxías da linguaxe: a *spin-off* do CiTIUS Cilenis Software, creada en 2011 e galardoada no mesmo ano co Primeiro Premio ó mellor Proxecto Empresarial Innovador. ■

Na procura da Rede ideal

O CPETIG lembra no Día da Internet Segura que a información privada exposta en liña non cesa de medrar

A do pasado martes 10 de febreiro foi unha xornada para reflexionar sobre como queremos que sexa a Sociedade da Información: un sitio libre, si, onde a comunicación o coñecemento estean dispoñíbeis e ao alcance de todas e todos, pero onde o que queiramos protexer sexa tamén protexido, comezando polos menores de idade. Isto vén a conto porque na xornada do 10 celebrouse o Día Internacional da Internet Segura e porque, en boa medida, gran parte dos usuarios, profesionais e entidades que traballan nela comparten a devandita arela: a de crear unha Rede libre de atrancos pero tamén de ameazas. Entre estas entidades situouse o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, CPETIG, que achegou na xornada un manifesto sobre as eivas que ten a día de hoxe a Sociedade da Información e as cousas que podemos ir facendo para emendalas dende tódalas frontes.

O CPETIG, para comezar e para poñernos en situación, fíxose eco dalgúns dos datos incluídos no último *Informe sobre Ameazas á Seguridade en Internet* realizado por Symantec, no que se revelan datos como o que se refire ao medre das fugas de datos experimentado ao longo de 2013, e que chegou a unha porcentaxe do 62%. "Como consecuencia", sinalou o CPETIG, "ficaron expostas máis de 552 millóns de identidades". Isto implicou, entre outras cousas, o roubo de información de tarxetas de crédito, de números de identidade, de enderezos en liña e postais, de teléfonos, de datos financeiros, de contrasinais de correos ou de información médica.

Segundo explicou o colexio galego, o que sabemos e coñecemos é só unha porcentaxe dun todo máis amplo. De feito, engadiu a entidade que preside Marcos Mata, a meirande parte dos ataques ás organizacións non son denunciados, especialmente en ámbitos bancarios, xa que as empresas prefiren asumir perdas antes que comprometer a súa imaxe pública e xerar desconfianza na súa clientela. "É dicir", informou, "asistimos dende hai anos a un importante volume de cibercrime de base económica que está mergullado e do que non se teñen datos reais, unha situación posta de manifesto nas recentes Xornadas de Informática Xudicial celebradas en Santiago que organiza o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia".

Para a entidade profesional galega, por desgraza está moi estendido o hábito da despreocupación no que refire a salvagardar o coñecemento. Polo tanto, explica o colexio, "hai un importante desinterese acerca de políticas de seguridade nas organizacións, sexan públicas ou privadas, e certas condutas que poñen en risco a información e os recursos empresariais e corporativos". Pero hai máis razóns para preocuparse, insiste o colexio, que fala dunha crecente "deslocalización da actividade empresarial, "unha circunstancia que obriga ás compañías a afrontar desafíos na protección da súa información confidencial, derivados da mobilidade do persoal, e a minimizar a potencial fuga de datos, integrando a seguridade na cultura empresarial e avaliando constantemente os riscos de cada interacción con redes, dispositivos, aplicacións, datos e outros usuarios".

Para o CPETIG, hábitos como transferir arquivos dun dispositivo laboral a outro doméstico que non estea protexido, usar terminais persoais que non sexan tan seguros como os da oficina ou non empregar un protector de privacidade nun equipo portátil cando traballamos nun lugar público, facilitan o roubo de información.

A UDC recoñecerá os certificados de experiencia profesional do colexio

O reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto Barbeito, asinou recentemente na Reitoría un convenio co presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica Informática de Galicia, CPETIG, Marcos J. Mata Mansilla, acordo que ten como finalidade o recoñecemento académico da experiencia profesional a través da certificación de experiencia profesional do CPETIG para perfís profesionais da Enxeñaría Informática (CEPRAL). Deste xeito, a Universidade recoñecerá en forma de créditos computábeis para obter o título oficial a experiencia profesional dos seus alumnos que teñen o certificado expedido polo Colexio sempre que a experiencia se relacione coas competencias inherentes aos títulos universitarios.

O Colexio expedirá os certificados para os alumnos das titulacións que se imparten na Facultade de Informática da Coruña que así o soliciten. ■

eAdministración
ao servizo das empresas de Pontevedra

A Deputación achega o módulo que permite facturar telematicamente dende a súa sede electrónica

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha o pasado 15 de xaneiro, dentro da súa Sede Electrónica, o módulo de Facturación Electrónica que permite ás empresas contratadas pola Deputación de Pontevedra facturar, asinar e cargar as facturas de xeito electrónico. A posta en marcha do servizo é un paso máis cara á prestación de servizos telemáticos, fomentando a eliminación do papel nos procedementos administrativos.

As utilidades de Factura Electrónica creadas pola Deputación de Pontevedra, permiten que as empresas creen e presenten de xeito telemático as súas facturas para importes superiores a 5.000 euros, obrigatorio a partires da primeira quincena de xaneiro, aínda que tamén pódense presentar as facturas menores deste importe.

Para usar este servizo de facturación electrónica, as empresas só precisan dun ordenador con conexión a Internet e o seu certificado dixital de empresa, identificándose na plataforma web, pola súa banda os autónomos poden utilizar o seu DNI electrónico. O novo módulo posto en marcha polo Servizo de Novas Tecnoloxías na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cara ás empresas contratadas pola institución provincial, permite a introdución de facturas de dúas formas diferentes: cubrindo de maneira manual os datos a través duns formularios específicos ou ben cargando as súas facturas desde ficheiros xerados con outras ferramentas, en formato electrónico Factura-e 3.2.

Vantaxes que ofrece o novo sistema

Segundo sinala a Deputación, as ferramentas de Facturación Electrónica das que está dotado este novo módulo teñen "unha gran vantaxe fronte a outras plataformas", xa que se integra coa plataforma de xestión de expedientes eDepo, "o que permite que as facturas enviadas se rexistren automaticamente e se tramiten e contabilicen sen necesidade de mecanizar os datos da propia factura, conseguindo así dispoñer dun procedemento integramente electrónico".

Outra das vantaxes da ferramenta de Factura Electrónica é que reduce a carga de traballo nos rexistros e nos servizos desta institución xa que non se teñen que introducir manualmente os datos das facturas. "O sistema conseguirá unha notable redución da carga administrativa e, por conseguinte, do tempo de tramitación e pagamento das facturas", engade a Deputación.



Imaxe: **Creación da factura na propia utilidade coa sesión aberta có DNIe ou o certificado dixital da FNMT**

O xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra Amancio Varela explicaba que estas vantaxes reafirman a aposta do goberno provincial no uso das novas tecnoloxías como medio para mellorar a eficiencia e eficacia da administración e na redución de custos. Neste sentido, lembrou que, a través do Centro Provincial de Asesoramento Empresarial 2.0 (CPAE 2.0), os asesores especializados no uso das TIC están ofrecendo obradoiros para as empresas, PEME e autónomos, formando aos empresarios nestes novos procedementos telemáticos en cada un dos seis puntos CPAE 2.0 localizados nas cabeceiras comarcais da provincia. Tal como indican desde a Deputación, o gran número de asistentes que hasta o momento acudiron a estes obradoiros de Factura Electrónica, déronlle á plataforma e aos propios obradoiros impartidos en Lalín, O Porriño, Ponteareas, Pontevedra e Vigo unha valoración moi positiva, cunha nota media de 4 sobre 5.

Funcionalidades do sistema

Cómpre subliñar que o sistema posto en marcha por la Deputación permite ás empresas levar a cabo todo o procedemento administrativo para a facturación dos seus produtos ou servizos có órgano provincial. Este é un dos puntos mais destacados polas empresas tras ver e probar a ferramenta posta a súa disposición nos obradoiros, que estanse a celebrar nos puntos do Centro Provincial de Asesoramento Empresarial 2.0 (CPAE 2.0).

O proceso comeza coa identificación no portal da persoa ou empresa a través das dúas formas que se facilitan, os autónomos a través do seu DNI electrónico e as empresas co seu certificado electrónico de empresa emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. Unha vez identificado na plataforma, o sistema recoñece ó usuario e lle ofrece toda información e a documentación que ata o momento teña coa Deputación de Pontevedra.



Imaxe: **Esquema da arquitectura da sede electrónica e o módulo de Facturación Electrónica da Deputación Electrónica integrada con @firma e a TS@**

Como xa comentamos anteriormente, a plataforma permite crear as propias facturas electrónicas sen ter que depender de ferramentas externas, o que viría a facilitar o traballo das empresas. Para xerar a factura, en primeiro lugar solicítanse os datos xerais da factura, como por exemplo o número de factura, o período de facturación e o servizo ó que se factura. Así como tamén pódese especificar a persoa destinataria da factura dentro de propia Deputación, có obxectivo de acelerar o proceso.

Ao empregarse una identificación electrónica no momento de creación da factura, o sistema recupera os datos principais do emisor desde os propios certificados, datos como o nome do emisor da factura ou seu NIF. Unha vez enchida a cabeceira da factura, no seguinte paso dánse de alta as diferentes liñas da factura con todos os detalles precisos, inclusive cos impostos repercutidos e retidos, así como tamén o albará correspondente do que provén a factura. A través do sistema de facturación electrónica é posible achegar arquivos á factura con outro tipo de documentación. No momento de realizar o envío da factura, o sistema realiza a sinatura dixital da mesma a través do certificado electrónico da empresa emisora da factura. "Desta forma garántese a súa autenticidade ante posibles alteracións que poidan realizarse sobre o contido da mesma", sinala a Deputación.

Trala sinatura da factura, esta queda emitida e dirixida ao servizo corresponde e desde ese momento a empresa ten a posibilidade de facer un seguimento do estado no que se atopa cada unha das facturas emitidas. Para a xestión das facturas emitidas o módulo de Factura electrónica da Deputación de Pontevedra conta con unha utilidade de procura de facturas por multitude de criterios e unha vez localizada, os usuarios poden descargar esta factura en formato XML, en PDF ou tamén en formato PDF 147, cos correspondentes códigos bidimensionais.

O módulo de factura electrónica permite tamén cargar na plataforma unha factura electrónica xerada noutra ferramenta sempre que cumpra cos requisitos é dicir, ten que ser un arquivo en formato Facturae 3.2 e por suposto a Deputación terá que aparecer como receptor da mesma. Unha vez subida e validada na plataforma o sistema presenta os datos da factura no formulario de creación de facturas anteriormente descrito continuando a partir deste punto co proceso de envío da mesma forma que no caso da introdución manual.

Unha vez completado o proceso de envío, independentemente do procedemento utilizado para a remisión da factura, o sistema xera para o remitente un xustificante de remisión da factura asinado de xeito electrónico e cun selado de tempos que certifica o intre exacto no que a factura foi enviada e os datos básicos da mesma.

Co obxectivo de resolver todas as dubidas que os empresarios poidan ter relacionadas co proceso de remisión de facturas electrónicas, a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra conta cunha serie de apartados informativos que inclúen dende unha sección de FAQ (preguntas frecuentes) a información relativa as vantaxes da utilización da factura electrónica, referencias legais asociadas coa remisión de facturas electrónicas, etc. A maiores, o Centro de Atención ao Usuario (CAU) da Deputación realiza un soporte personalizado ás empresas que teñen problemas para a remisión de facturas electrónicas.

Plataforma tecnolóxica

O novo módulo de Facturación Electrónica dentro da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra susténtase nun conxunto de compoñentes de software e hardware que garanten unha tramitación integramente electrónica. Toda esta infraestrutura albérgase no CPD da Deputación de Pontevedra o que permite unha prestación do servizo en alta dispoñibilidade.

Este módulo de Facturación Electrónica está implantado sobre a plataforma de xestión de portais da Deputación de Pontevedra baseada na solución Liferay na versión 6.1. Ademais, para a realización das tarefas de asinado dixital úsase a plataforma @firma mentres que para o selado de tempo das facturas electrónicas emitidas emprégase a plataforma TS@.

Todo o proceso de tramitación das Facturas Electrónicas apoiase no xestor de expedientes eDepo implantado sobre o produto Cividas. Esta ferramenta permite realizar unha xestión integral e completamente telemática, dende a remisión da factura a través do portal, pasando polo rexistro da mesma no rexistro telemático da institución, a creación do correspondente expediente de xestión de facturas na plataforma e a tramitación electrónica do mesmo.

Tal como indicaba o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, esta iniciativa forma parte, da estratexia que a Deputación está desenvolvendo desde o ano 2008, para situar á provincia de Pontevedra na primeira liña da Sociedade da Información, dotando ás empresas, de ferramentas que favorezan a súa produtividade e competitividade. ■

2015, o ano do posto de traballo dixital

O Goberno galego renovará tecnoloxías e apostará polo software libre no camiño de optimizar o labor dos empregados públicos

O Goberno galego vén de aprobar o Plan de Acción de Dotación e Xestión sostible no Posto de Traballo, proposta que persegue garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados que require o contexto actual no que atinxe á súas funcións e aos servizos dixitais que achegan a cidadáns e empresas. En boa medida e complementando o devandito, o plan encamíñase a acadar unha xestión dixital de todo o ciclo de vida dos documentos e procedementos administrativos. Con esta iniciativa, que se atopa inserida no proceso da eAdministración do Goberno galego, prevese a posta en marcha de medidas que van dende a formación en novas tecnoloxías na EGAP até a dotación de medios TIC adaptados a novas necesidades.

O plan, que tamén abrangue a homoxeneización do software e a centralización das ferramentas de xestión dos equipos, permitirá un aforro de 1.199.484 anuais á Administración autonómica, segundo datos achegados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), que sinala que a a este cifra cumpriría sumar o aforro de 349.279 euros derivado da compra centralizada do equipamento.

En canto ao equipamento contémplanse a renovación inicial do 25% do parque informático da Administración autonómica. Esta actuación esténdese a arredor de 2.000 postos de traballo en edificios administrativos e aulas de centros de formación xestionados pola Xunta como a AGASP, a EGAPP, o CSHG ou rede CeMIT. Ademais, no marco do Plan Trabe para a modernización dos servizos sociais iniciouse xa a dotación de máis de 1.200 ordenadores e impresoras en 99 centros públicos da área de benestar. Nunha segunda fase abordarase a substitución de equipos noutros centros de servizos públicos como bibliotecas, oficinas agrarias comarcais...

Segundo engade AMTEGA, nesta mesma liña de actuación está prevista unha dotación inicial de 300 equipos de escaneado nas oficinas de rexistro propias e concertadas. "Tratase", sinala a axencia, "dun equipamento imprescindible no proceso de dixitalización que se está a levar a cabo nos rexistros e no marco da posta en marcha do Arquivo Dixital de Galicia, que albergará o Arquivo Electrónico da Administración".

Outra das medidas do plan é o afianzamento da rede de videoconferencia da Xunta. Esta medida fixa a dotación inicial de equipos de videoconferencia en 9 salóns de actos principais nas delegacións da Xunta de Galicia, 13 equipos para salas e 33 equipos portátiles para usos múltiples. Segundo explica AMTEGA valorando o potencial deste tipo de equipamentos e servizos, "a videoconfe-

> Con esta iniciativa, prevese a posta en marcha de medidas que van dende a formación en novas tecnoloxías na EGAP até a dotación de medios TIC adaptados a novas necesidades

rencia é un medio de comunicación áxil e flexible, tanto para o traballo dentro da propia administración como facilitar a cidadáns e empresas a resolución de determinados trámites administrativos". E engade: "A videoconferencia é un dos instrumentos dun modelo corporativo de colaboración que tamén contempla novos sistemas de intercambio de documentación como un modelo de carpetas en rede común a toda a Xunta que se iniciou en 2014 e continuará a implantarse en 2015".

Sinalar tamén que o plan establece un catálogo con software corporativo adaptado a cada posto de traballo. "Esta medida eliminará a heretorexeneidade actual garantindo a sustentabilidade económica do modelo, a calidade no soporte aos usuarios e a súa xestión", explica AMTEGA. Iniciarase o plan de migración a software libre en 500 postos de usuario en diferentes departamentos da AMTEGA, as Consellerías de Economía e Industria, Traballo e Benestar, e a Presidencia, Xustiza e Administracións Públicas. Este plan, informa a axencia, é unha realidade grazas ao estudo previo sobre a migración do posto de empregado público a programas de fontes abertas elaborado pola AMTEGA e a Asociación de Empresas Galegas en Software Libre (AGASOL). Segundo apunta o departamento que dirixe Mar Pereira, estas medidas son unha continuidade das políticas de pulo aos programas non privativos que xa se veñen materializando en proxectos como Abalar, cos seus 44.000 computadores con sistema operativo libre en centros educativos, ou a Rede CeMIT para a formación dixital de cidadáns e empresas, que se conta con máis de 1.600 ordenadores con programas abertos.

Para AMTEGA, o volume e a dispersión xeográfica do parque informático da Xunta requiren "dunha ferramenta de xestión específica que permita a distribución masiva de software, o control remoto dos posto de traballo e dispoñer dun inventario automatizado". Esta ferramenta estará operativa nos primeiros meses de 2015. A axencia tamén anunciou que avanzará na definición dun novo modelo corporativo de impresión, "que contemplará a renovación de equipos mediante sistema de compra e negociación centralizadas de contratos de soporte e consumibles, equipos en rede que ofrezan servizos a grupos de traballo e incremento da porcentaxe de equipos de carácter multifuncional"). ■

Sustentabilidade e rendibilidade

O Concello de Santiago e a Xunta apostan por compartir infraestruturas de telecomunicacións

A Xunta de Galicia e o Concello de Santiago van compartir infraestruturas de telecomunicacións. Así o fixeron saber o pasado 4 de febreiro representantes de ámbalas administracións, por unha banda a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Mar Pereira, e pola outra o alcalde do Concello de Santiago, Agustín Hernández, que asinaron un acordo encamiñado a achegar sustentabilidade e rendibilidade no ámbito das telecomunicacións locais. O convenio fixa polo tanto un aproveitamento recíproco das instalacións e o equipamento de ambas administracións para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións no municipio.

O acordo, sinalaron, permitirá "compartir activos autonómicos e locais como torres de antenas, canalizacións, galerías de servizos e fibra óptica, existentes no termo municipal para favorecer a modernización das comunicacións internas e externas de ambas administracións".

Seguindo apuntaron, esta iniciativa conxunta xogará a prol dunha redución importante no fornecemento de nova obra civil e posibilitará, ademais, que o Concello de Santiago poida instalar equipamentos de telecomunicacións municipais en infraestruturas da Administración autonómica, ou que a Xunta de Galicia poida empregar as canalizacións municipais para estender fibra óptica entre os seus edificios.

A medida insírese nun dos obxectivos da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia que é "fomentar a cooperación e a coordinación entre os distintos niveis da Administración Pública, e entre estas e os operadores de telecomunicacións, para promover despregamentos máis eficientes e respectuosos coa contorna urbanística e o medio ambiente".

Mar Pereira, amais de dar a coñecer os detalles do acordo, sinalou que en Santiago, as medidas incluídas no Plan de Banda Larga que impulsa AMTEGA facilitaron xa o acceso á Internet (a través de redes fixas e sen fíos), a 13.688 habitantes de 51 núcleos do termo municipal que carecían de cobertura de Internet. "Estas actuacións", dixo, "supuxeron un investimento público-privado de máis de 840.000 euros e incrementaron a porcentaxe de poboación con acceso á Rede no municipio do 85,5% a máis do 98%".

Tamén sinalou que a día de hoxe máis do 78% da poboación dispón de cobertura de redes de fibra óptica que permiten velocidades de máis de 100 Mbps e a fibra óptica está presente no polígono industriais do Tambre e nos parques empresariais de Costa Vella e A Sionlla. ■

A aplicación APPARCAR, agora en Compostela

Arrancou na cidade o proxecto piloto de reserva de praza de aparcamento a través do móbil

Dende o 16 de febreiro e ao longo de tres meses, o Concello de Santiago vai manter en activo unha proba piloto para tirarlle partido á aplicación galega Apparcar, da que xa temos falado en Código Cero salientando a súa participación na aceleradora tecnolóxica Wayra (Telefónica) como unha das máis innovadoras do Estado e destacando tamén as súa principal vantaxe: é unha ferramenta de balde para móbiles que permite aos condutores atopar a praza de estacionamento libre máis próxima ao seu destino na rúa e reservala con tan só un clic. Segundo informou o Concello de Santiago, a proba piloto de reserva de estacionamento mediante o noso móbil desenvolverase na avenida de Barcelona. Haberá 36 prazas dispoñíbeis, gratis, nun horario de 7:00 a 14:00 horas. "Os condutores que baixen a aplicación, tamén de balde, poderán buscar en tempo real as prazas libres nesta rúa, reservalas e aparcar", sinalou o Goberno local.

Na presentación de Apparcar en Santiago participaron o concelleiro de Mobilidade, Alejandro Sánchez-Brunete, o responsábel municipal do Departamento de Innovación, Fernando Suárez; o xefe de vendas de Administración Local de Telefónica, Roberto Vázquez; e do conselleiro delegado de Apparcar, José Luis Eirós, creador da aplicación. Segundo apuntou Sánchez-Brunete, a aplicación pon ao alcance da man dos condutores "unha solución intelixente a un problema, o do estacionamento, que supón "non só un problema de espazo, senón de tempo". Na súa opinión, con esta proba piloto e a súa previsíbel adaptación vindeira a outras rúas e contornas da cidade (cousa que dependerá en última instancia do estudo dos datos reais sobre comportamentos de mobilidade que subministre a experiencia na avenida de Barcelona), Santiago emprázase "na vangarda das cidades estatais en materia de modelos intelixentes de xestión do estacionamento en superficie".

Compostela, Cidade da Ciencia e a Innovación 2014 (xunto con Ribeira)

A concelleira de Desenvolvemento Urbano Sostible, Teresa Gutiérrez, vén de recoller en Burgos o galardón outorgado a Santiago de Compostela como Cidade da Ciencia e a Innovación 2014. O recoñecemento, que veu da man do Ministerio de Economía e Competitividade, diríxese a salientar "as cidades líderes na creación de vantaxes competitivas grazas á conxunción do capital intelectual e do coñecemento dos seus recursos humanos, con avanzadas infraestruturas locais de forte compoñente científico, tecnolóxico e innovador". Por certo que a distinción tamén recoñeceu o labor do Concello de Ribeira en materia de aposta polos modelos propios das *Smart Cities*, e na cita estivo presente o alcalde da localidade coruñesa Manuel Ruiz Rivas.

Tanto Santiago como Ribeira, en virtude deste galardón, pasan a formar parte da Rede Innpulso, unha iniciativa para promover a concorrencia das vilas e cidades do ámbito estatal en todo tipo de xuntanzas e programas internacionais relacionados coa innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. A través de Innpulso, as dúas localidades galegas serán consideradas referentes para o emprazamento de infraestruturas científicas e tecnolóxicas de titularidade ou participación estatal. Tamén serán susceptíbeis de acubillar nodos da rede do Ministerio ou congresos e eventos vencellados á ciencia e á innovación, entre outras cousas.

Como dixemos, Apparcar é unha aplicación galega que permite aos condutores atopar a praza de estacionamento libre máis próxima ao seu destino na rúa e reservala con tan solo un clic. Segundo fixo saber o conselleiro delegado da empresa responsábel do seu desenvolvemento, José Luis Eirós, "propón un novo modelo de xestión do aparcamento público en superficie, que ofrece información en tempo real e a través de algoritmos, do estado de ocupación de cada praza, permitindo tomar decisións baseadas en datos e non na intuición ou na sorte".

O seu funcionamento, sinalan dende a empresa, "é sinxelo e moi similar ao empregado para a xestión de reservas de butacas en teatros ou cines". E engaden: "Permite coñecer, sen necesidade de sensores e en función de se foron ou non reservadas as prazas, a oferta de estacionamento dispoñíbel".

Volvendo á figura do controlador, o Goberno local de Santiago indicou que durante a integración e afianzamento do sistema á contorna urbana, haberá un equipo de traballadores informando aos condutores das metodoloxías a seguir para tirar partido do sistema de aparcamento. Tamén verificarán que as prazas son usadas por quen previamente as reservou. Segundo informou o Concello, "permitirase un máximo de 180 minutos de aparcamento continuado e a reserva só se poderá realizar dende unha distancia límite de 2 quilómetros á devandita avenida de Barcelona".

A aplicación pode descargarse gratuitamente tanto para iOS como para Android. ■

Sobre a súa adaptación á rúa que servirá de escenario á proba piloto, o Concello apuntou que previamente á posta en marcha da aplicación as 36 prazas da avenida de Barcelona foron delimitadas, numeradas e identificadas. Isto acompáñase de medidas como a inclusión de sinais verticais que determinan até onde chega a zona de aparcamento piloto, a súa área concreta.

No que atinxe ao seu funcionamento, tanto o Concello como os creadores de Apparcar coinciden na sinxeleza da metodoloxía a seguir. Así, unha vez descargada a ferramenta, o móbil mesmo será quen tome a iniciativa, detectando coa axuda do seu GPS cando o condutor está preto do destino indicado, preguntando deseguido se desexa facer efectiva a reserva e por canto tempo. Se a praza que se nos recomenda está ocupada por outro vehículo sen reserva, poderemos informar desta incidencia e mobilizar a un controlador do Concello para que a comprobe. Sexa como sexa, unha vez constada a ocupación da praza, o sistema asignaranos outra nova de maneira automática.

Apparcar é unha aplicación galega que permite aos condutores atopar a praza de estacionamento libre máis próxima ao seu destino na rúa e reservala con tan solo un clic.

Unha ferramenta seleccionada por Wayra

Apparcar foi, como dixemos, un dos dez proxectos máis innovadores dos impulsados en 2014 pola aceleradora de novas ideas empresariais Wayra, de Telefónica. Máis polo miúdo, Wayra seleccionouno dun total de 660 proxectos tecnolóxicos procedentes de toda España. Apparcar, que vén da man do emprendedor vigués José Luís Leirós, presentouse dende a aceleradora como "a primeira aplicación móbil gratuíta que permite aos condutores atopar a praza de estacionamento libre máis próxima ao seu destino na rúa e reservala con tan só un clic". Ademais, a iniciativa de Leirós amosou un xeito de facer as cousas con respecto aos aparcadoiros públicos que difire de todo o visto e aplicado até o de agora, en primeiro lugar porque é quen de achegar datos en tempo real a través de algoritmos propietarios que permite saber a todos os implicados que prazas están ceibes, o que deixa fóra de xogo factores habituais na busca de aparcadoiro como a intuición ou a sorte, xeralmente pouco efectivos. En definitiva, ábreselle a porta á rendibilidade e á eficacia, fomentando ao mesmo tempo o respecto polo medio (canto menos voltas deamos pola cidade buscando praza, menos contaminaremos).

O método de funcionamento de Apparcar conta tamén coa vantaxe de ter sido probado con éxito, máis polo miúdo en Oviedo, onde obtivo unha valoración de 4,7 sobre 5 por parte das persoas que lle deron uso.

Lembrar tamén que o sistema a Apparcar é quen de detectar a través do GPS do móbil cando estamos preto do destino indicado. Asemade, tamén ten unha función para coñecer se desexamos facer efectiva unha reserva e por canto tempo. Como dixemos ao comezo desta reportaxe, no caso de que a praza recomendada estea ocupada por outro vehículo sen reserva, podemos facer saber a incidencia -comprobada por un controlador-, e automaticamente ofrecerásenos unha nova praza próxima e con desconto. Salientar por último que a aplicación galega foi recoñecida como *Mellor proxecto de entidade privada para o fomento da cidade intelixente* por FUNDETEC.

Celebrando o día dos datos

O CPEIG informou en detalle das cousas que debemos facer para salvagardar a nosa información

O pasado mércores 28 de xaneiro conmemorouse a nivel internacional o Día Europeo da Protección de Datos e unha das entidades galegas máis comprometidas á hora de salientar o valor do coñecemento e a comunicación nas mellores condicións, o CPEIG, celebrouno con diversas accións divulgativas convocadas coa arela compartida de pór de relevo consellos útiles para a cidadanía. As accións máis destacadas foron dúas, por unha banda o emprazamento dun *stand* informativo no Centro Comercial Compostela na xornada do 28 e, pola outra, o subministro dende a web do Colexio dunha serie de consellos a ter moi en conta para evitarmos, como integrantes que somos da sociedade dixital, que a información en troques dunha vantaxe remate por converterse nun problema.

Polo que se refire ao posto informativo situado no Centro Comercial Compostela (El Corte Inglés), sinalar que contou coa presenza da enxeñeira colexiada Pilar Vila, que asesorou (desde as 19 horas ata as 22) aos clientes do emprazamento comercial compostelán sobre aquelas medidas necesarias para que os usuarios de Internet garantan a súa privacidade. O CPEIG puxo a disposición dos clientes folletos informativos que elaborou o propio Colexio para contribuír a que a sociedade galega tome conciencia da necesidade de incorporarse á cultura da protección de datos.

Ao fío da dita celebración e aproveitando as cuestións que pon de relevo, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia informou que considera de "moito interese" que a sociedade galega "tome conciencia da necesidade de incorporarse á cultura da protección da información". En base a isto, o CPEIG divulgou dende a web de seu e dende o stand compostelán unha listaxe de consellos para contribuír a "unha sociedade dixital na que a cidadanía debe ser consciente tanto de todas as oportunidades coma dos riscos que ofrece a Internet".

A continuación, damos conta novamente das devanditas recomendacións:

- **Antivirus.** Cómpre actualizar decote o software antivirus e de seguridade. Tamén é preciso configurar o software do navegador coas opcións de seguridade máis restritivas.
- **Executábeis.** O CPEIG recomenda non descargar programas executábeis ou ficheiros que sexan susceptíbeis de conter "software malicioso". É axeitado que protexamos o noso equipo con programas "devasa" e de detección e eliminación de "software espía".
- **Identificadores.** O intercambio e a entrega de datos de carácter persoal e bancarios debe efectuarse nos sitios con protocolos seguros e política de privacidade. Nunca debemos achegar información sobre os nosos identificadores de usuario e moito menos sobre as claves de acceso.
- **Contrasinais.** Debemos manter contrasinais distintos para cada web ou servizo que sexan de abondo longos e difíciles de adiviñar. Temos que procurar non usar o PIN dunha tarxeta de crédito, nin a data de nacemento, nin palabras do dicionario ou diminutivos. Conveñen palabras nas que se combinen maiúsculas, minúsculas, números e outros caracteres especiais permitidos, que nos sexan doados de lembrar aínda que difíciles de adiviñar a un terceiro.
- **Wi-Fi. O CPEIG** aconsella emprestar particular atención ás redes sen fíos abertas. A información vai sen protección, logo é susceptíbel de ser interceptada e utilizada con fins non autorizados. Recoméndase usar os últimos protocolos dispoñibles cando sexa posíbel (WPA/WPA2).
- **Buscadores.** Debemos ter en conta que o uso dun buscador xera tratamentos de información, que serán empregados como mínimo para ofrecer anuncios personalizados. Convén coñecer as políticas de uso do buscador que máis empreguemos. Os buscadores poden permitir obter perfís completos sobre a nosa información pública en Internet.
- **Cookies.** Borrar con regularidade as *cookies* e os arquivos temporais de Internet, así como o historial de navegación, especialmente cando se acceda a Internet dende un computador ao que teñan acceso outras persoas.
- **Spam.** No caso de recibirmos correos non desexados (*spam*), non debemos enviar unha resposta, xa que estaremos confirmando a validez do noso enderezo electrónico.
- **Correo electrónico.** Cando enviemos mensaxes de correo electrónico a diferentes destinatarios, cómpre empregar o campo "Con Copia Oculta (CCO)".
- **Redes sociais.** Debemos garantir a seguridade da nosa información nas redes sociais mediante unha configuración axeitada do noso perfil e empregando contrasinais.
- **Imaxe.** A imaxe é un dato de carácter persoal cuxa difusión ou acceso non autorizado pode ser particularmente molesto ou daniño. Ao publicar unha foto ou escribir nun foro podemos estar incluíndo información sobre outras persoas. Debemos ser conscientes de que temos que respectar os dereitos desas persoas.
- **Cámaras web.** Antes de instalarmos unha cámara web que reproduza imaxes na Internet, é de obriga que nos aseguremos de que a captación sexa o menos intrusiva posíbel.
- **Nenez.** Cómpre educar a nenas e nenos no uso seguro das redes e acompañalos na súa navegación. Cómpre adoptar medidas de seguridade física e informáticas para os cativos, como a situación do ordenador na casa ou unhas horas determinadas de uso. ■

Valoración positiva dunha proposición de non de lei a prol da Enxeñaría Informática

O CPEIG, integrado no Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática (CCII), valorou dun xeito moi positivo a recente aprobación, por unanimidade, dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados para que a Enxeñería Informática e a Enxeñería Técnica Informática acaden o mesmo nivel de definición académico có resto das enxeñerías.

A aprobación da iniciativa parlamentaria representa, en palabras do propio presidente do CPEIG, Fernando Suárez, un "paso firme e decidido na regulación da profesión" que ofrece "maior claridade e seguridade no panorama normativo das titulacións e dos profesionais da Informática".

No texto da iniciativa parlamentaría indícase que o Congreso dos Deputados insta ao Goberno a que:

1. Adopte as medidas necesarias para que, con respecto á normativa e competencias regulatorias no ámbito profesional, a enxeñería informática acade o mesmo nivel de definición académica có resto das enxeñerías.
2. Promova a participación das entidades legais responsables, tanto do ámbito informático académico como profesional, naqueles foros e organismos cuxa responsabilidade implique o desenvolvemento e implantación das tecnoloxías da información e os servizos dixitais.

O CPEIG considera moi acertada a iniciativa por parte do grupo parlamentario propoñente e polo conxunto dos grupos que a apoiaron. A partir deste momento, traballará, como parte integrante do Consello Xeral de Colexios de Enxeñaría en Informática, para que os puntos aprobados da proposición non de lei se trasladen ás accións concretas do Goberno e así mellore a situación regulatoria da Enxeñaría Informática.

Reivindicando a muller nas TIC

As enxeñeiras e enxeñeiros envorcáronse nas actividades de divulgación da Semana Anita Borg

Os días pasados celebrouse na Facultade de Informática da Coruña (FIC) a Semana Anita Borg, aniversario da científica e investigadora americana que serviu, entre outras cousas, para promover o papel da muller no mundo das novas tecnoloxías. Na celebración participaron algunhas das entidades galegas que máis traballan no impulso das TIC e na loita contra a fenda tecnolóxica (docente e profesional) de xénero, non só a propia FIC senón tamén o CITIC. A maiores, concorreu o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, CPEIG, entidade que xa ten unha longa experiencia na reivindicación da muller na Sociedade do Coñecemento e na elaboración de estudos que rastrexan as causas principais da baixa presenza de rapazas nos estudos informáticos.

Volvendo á Semana Anita Borg e dos actos desenvolvidos na Coruña, contou coa presenza do presidente do CPEIG, Fernando Suárez, que acudiu o pasado xoves, día 28, á Facultade de Informática para achegar a súas reflexión sobre a situación laboral das TIC. Suárez realizou unha descrición xenérica da profesión e aludiu logo ao estudo sobre a situación laboral da mesma realizado polo CPEIG, así como á crecente importancia da informática na sociedade actual. Fernando Suárez fixo referencia ás perspectivas de futuro, cunha alta demanda de profesionais, e subliñou os 900.000 postos de traballo que xerará a profesión na Unión Europea nos vindeiros anos. Tamén salientou a escaseza de mulleres nun sector "altamente masculinizado", cunha falla de referentes e un importante descoñecemento da profesión. Como consecuencia desa masculinización, Suárez subliñou "a perda de talentos e apuntou posibles accións para mitigala, entre outras: actuacións en idades temperás para evitar a fenda de xénero e prexuízos, así como a necesidade de facer visíbeis referentes femininos na Enxeñaría Informática".

O CPEIG participou tamén no concurso WikinformáticA, dirixido ao alumnado de secundaria que tivo que elaborar unha wiki en galego sobre mulleres destacadas na historia das tecnoloxías da información. Os alumnos e alumnas participaron en grupos coordinados por un profesor do seu centro. Os equipos gañadores recibirán unha impresora 3D patrocinada polo CPEIG e unha visita ás instalacións de R na Coruña.

Deste xeito, o grupo Agra_Hipatia, do IES Agra de Raíces de Cee, mereceu o primeiro premio e recibirá a impresora. Pola súa banda, o equipo Vdemar, do IES Virxe do Mar de Noia, levou o segundo premio e visitará as instalación de R. Asemade, o xurado do concurso tivo unha mención especial para As_revoltas_2, do CPEI As Revoltas de Cabana de Bergantiños e para o grupo Agra_Wonerburger, do IES Agra de Raíces de Cee. En total, participaron no certame 232 alumnos e alumnas de 11 centros de toda Galicia. ■

PROGRAMA *Sempre en Activo*

76 dinamizadores da Deputación de Lugo desenvolven actividades programadas para que os maiores da provincia aumenten a súa autonomía e melloren as súas capacidades a través das TIC

Sempre en activo é un programa que a Deputación de Lugo vén de poñer en marcha co fin de estender o uso das novas tecnoloxías entre as persoas maiores da provincia.

76 dinamizadores serán os encargados de promocionar o uso das TIC entre os lucenses maiores de 55 anos, tal e como a institución provincial está a facer dende hai tempo, a través da Fundación TIC, ofrecendo actividades relacionadas coas novas tecnoloxías e a comunicación no Centro de Innovación Social *InLugo*.

Este equipo de profesionais desenvolverá diferentes actividades especialmente programadas para que as persoas maiores aumenten a súa autonomía, calidade de vida e melloren as súas capacidades cognitivas e funcionais. Deste xeito, a Deputación continúa co seu compromiso de corrixir as desigualdades entre todos os lucenses, con independencia de factores como o lugar onde vivan, a súa idade ou as súas capacidades, para que poidan acceder ao maior número posible de actividades e recursos relacionados coas novas tecnoloxías, contribuíndo á comunicación e ao intercambio de ideas como mecanismos para aumentar a calidade de vida.

DEPUTACIÓN DE LUGO
innova2te : Diputación Digital
Unión Europea
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una manera de hacer Europa"

O programa inclúe dúas liñas de traballo fundamentais:

- Por unha banda, ofreceranse actividades de xeito individual ou colectivo, tanto en centros socioculturais, como nos propios fogares dos usuarios, empregando para isto, diversos medios tecnolóxicos, como ordenadores, dispositivos móbiles ou mesmo consolas de videoxogos.
- Por outra banda, realizarase o deseño e activarase un portal web no que os usuarios poderán atopar información sobre este proxecto, ademais de xogos de estimulación cognitiva e funcional para o colectivo da terceira idade. Ademais poñerase en marcha unha App para dispositivos móbiles na que os maiores encontrarán tamén xogos e actividades para mellorar as súas capacidades cognitivas e funcionais.

Este servizo está cofinanciado nun 80% por fondos europeos a través do *Innova-TE2*.

Os porqués da iniciativa

O Programa de Estimulación Cognitiva, Funcional e Alfabetización Dixital *Sempre en Activo* vai dirixido a fomentar o envellecemento activo mediante a estimulación das habilidades cognitivas e /ou funcionais das persoas maiores de 55 anos, a través do o uso das novas tecnoloxías da información. Este programa englóbase dentro de *Innovate2* da Deputación de Lugo, Fundación TIC e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Baséase, segundo apunta o organismo provincial, no seguinte dato: as estatísticas amosan que o uso das TIC nas persoas maiores está por debaixo respecto do resto da poboación. "Pese a que de entrada pode ser un colectivo que sexa menos receptivo, na realidade e a curto e medio prazo podería saír moi beneficiado cunha formación axeitada e unha adaptación correcta", explican os responsábeis da iniciativa, que tamén engaden que esta apóiase nun aproveitamento das TIC empregándoas nunha dobre vía: ferramenta de estimulación cognitiva e funcional, e ollada de cara á alfabetización dixital, o que se reconvirte finalmente en autonomía persoal, aumento da motivación, participación activa e, en definitiva, calidade de vida.

Esta iniciativa do proxecto InnovaTE2, financiada nun 80 % con fondos da Unión Europea, desenvólvese entre o 9 de decembro e primeiros de marzo de 2015

Sempre en Activo traballa cun programa personalizado e de manexo sinxelo para que o acceso sexa do máis doado e o descoñecemento neste eido non supoña ningún problema. Realizaranse ao seu abeiro actividades significativas que sirvan principalmente de lecer e permitan vivir novas experiencias gratificantes e divertidas. Ademais, sinala a Deputación, activaranse as capacidades dos usuarios a través de ferramentas útiles, con accións innovadoras, empregando diferentes temáticas e perseguindo obxectivos diversos, "sempre tendo en conta as necesidades e os intereses propios e específicos de cada participante, dende un punto de vista tecnolóxico, fomentando e desenvolvendo as habilidades e capacidades persoais coa finalidade última de conseguir grandes avances e acadar unha maior integración na sociedade da información".

As actividades previstas conforman xogos de memoria e atención, crebacabezas, sopas de letras, labirintos… coa finalidade de traballar as áreas cognitivas máis básicas e aquelas outras de máis carácter executivo. Para a Deputación, o feito de traballar coas novas tecnoloxías implica que non se fará uso do método máis tradicional de lapis e papel, senón de tabletas e outros conxuntos tecnolóxicos para abordar tódolos eidos máis relevantes do envellecemento activo. "A idea", recalcan os responsábeis do programa, "e non centrarnos só na estimulación cognitiva máis directa, senón que achegaremos outro tipo de recursos web, como o uso de redes sociais *online*, para que os maiores acaden a integración que buscamos e que podan sentirse cómodos neste ámbito". ■

A esmorga do terceiro principio

Borja Merino, blogueiro e investigador de DivulgAcción, achéganos ás vertentes prácticas do legado de Isaac Newton

Teño gravados na memoria os tres principios de Newton. Como saberás, Sir Isaac Newton escribiu unha obra moi importante na cultura humana, os *Principia mathematica*. Aquí, entre outros moitos avances, estableceu tres coñecidos principios: o da inercia, o de proporcionalidade entre forzas e aceleracións, e o de acción e reacción. O terceiro principio, seguro que o recordas, di sinxelamente que a cada acción oponse sempre unha reacción igual e en sentido oposto. Noutros termos, se empurramos algo, somos empurrados á súa vez polo obxecto en cuestión.

Se me buscases calquera mañá temperán a principios da década dos 2000 probablemente acharíasme camiñando pola cidade de Pontevedra para chegar ao instituto público onde cursaba a ESO. Non lembro exactamente o curso no que estaba, pero si recordo que polo camiño ía pensando en algo que nos dixera o profesor de física e química o día anterior.

"Mañá celebraremos unha festa na clase: a festa do terceiro principio. Se queredes divertirvos traede patíns e globos. Non vos esquezades." Eu levaba os meus globos no peto da cazadora (a miña habilidade cos patíns deixa moito que desexar...). Non sei que me imaxinaba naquel intre, supoño que o meu concepto de festa ou mesmo de esmorga –como o da maioría dos alumnos- pasaba porque o profesor decidise non dar clase ese día e nos deixase saír antes. Pero non foi así, e hei de dicir que o agradezo.

Lembro que a festa do terceiro principio comezou como unha clase normal, de chola non tiña moito. O profesor explicounos os principios de Newton e por que ese home, que apenas me soaba naquel intre, era tan importante como para que uns mozos de bastantes séculos despois estivésemos a escoitar o seu nome.

Non semellaba moi difícil: acción-reacción, unhas cantas ecuacións e pouco máis. Pero habilmente o profesor pasou a sementar interrogantes. Quizais unha das tarefas máis importantes dun profesor, e sen dúbida unha das características fundamentais da ciencia, onde todo funciona con modelos explicativos que teñen máis ou menos dúbida.

Fíxonos dubidar. "Se é certo o terceiro principio, cando empurredes a parede teredes que saír despedidos cara a atrás, ou non?" Pediu a algúns compañeiros que se erguesen e empurrasen con todas as súas forzas a parede; con toda a forza que puidesen. Pero ninguén caeu de cu cara a atrás. Que pasou? Igual é que todo iso que nos ensinaba no encerado e vomitabamos sobre o papel o día do exame non servía para nada.

"Logo, –dixo o profesor– este é o momento da festa". Os meus compañeiros e eu fomos levantando levemente os ollos con bastante indiferenza pero tamén, é certo, con algo de curiosidade que de súpeto xurdía como un sentimento novo na clase. Coma se se tratase dun vello sentimento que aflora ao deixar de tomar o *soma* educativo.

O mestre, en ton festivo, pediu que os compañeiros que trouxeran patíns se dispuxesen cun sorriso -á fin e ao cabo é unha festa-, en liña paralela de fronte á parede, con eles nos pés. O resto xuntamos as mesas e colocámonos sentados sobre elas observando atentos o espectáculo cos nosos globos inchados pero sen atar na man. Mesmo aderezou a situación con algo de música.

"Empurrade!", berrou o profesor. Empurraron con forza a parede e... rediós! Desprazáronse en sentido oposto! Mesmo algún tivo que choutar para non caer ao chan. A clase de física encheuse de risas, que se acrecentaron cando aos demais nos pediu que soltásemos os globos cara ao teito. As risas facíanse cada vez máis sonoras grazas ás cabriolas dos globos polo aire da clase.

A festa do terceiro principio tiña un convidado especial: o rozamento dos zapatos *versus* as rodas no chan. Un ingrediente que non tiveramos en conta pero que marcaban aqueles trazos "aburridos" do encerado. Ao empurrar a parede ou ao soltar o aire do globo (acción) conséguese un movemento inverso (reacción), aínda que este ás veces se camufla polo rozamento.

Agora que xa nos tiña engaiolados explicounos como o mesmo fenómeno que acababamos de ver nos nosos compañeiros patinadores ou nos globos está implicado nos grandes naves espaciais que levaron ao home a pisar a Lúa, nos avións con motores a reacción, ou nos foguetes que se lanzan nas festas dos pobos. Non só nos explicaba o terceiro principio da mecánica newtoniana, senón que nolo ensinaba.

Como armamos un barullo considerable, achegouse un profesor doutra clase. Ao ver que estabamos vixiados pediu desculpas e foise un tanto dubitativo, quizais pensando que a física non é motivo de gargalladas. Sen dúbida este último pertencería á clase de profesores que fala aos alumnos da oxidación da chama dunha candea pero non a mete nunha campá de cristal para que o dióxido de carbono bloquee o acceso ao osíxeno e a chama pestanexe e apáguese.

Por desgraza, cando boto a memoria atrás, a maioría dos profesores que tiven pertencen a esta segunda categoría e sobre eles cae, parafraseando ao historiador E. P. Thomson, a enorme indiferenza da posteridade. Do que nunca me esquecerei é dos principios de Newton. Non teño a solución, non ma preguntes, pero estaría ben que os profesores aprendan a celebrar outras festas para explicar outros principios.

Sen dúbida isto esixe unha maior preparación e máis traballo para os profesores, moitas veces con apenas recursos; pero para un neno ou adolescente na idade da vida na que unha persoa é máis influenciábel, curiosa e ávida de facerse preguntas, unha simple festa, observación, experimentación ou expedición científica pode ser unha experiencia inesquecible e inspiradora. ■

Todo sobre Control Suprimir

Tegnix pon ao alcance dos centros educativos e as PEME un innovador servizo de mantemento

A empresa galega Tegnix, centrada en ferramentas avanzadas de xestión arredor do software libre, comezou o ano cun ambicioso proxecto de administración de sistemas baseado en GNU/Linux e directamente encamiñado a centros educativos e PEME, o proxecto Control Suprimir. Trátase, máis polo miúdo, dun paquete que integra "todo o que poidamos precisar nas ditas contornas, a docente e a empresarial, en materia de mantemento". O servizo achégase en múltiples modalidades, dependendo do volume da infraestrutura á que dar servizo e partindo da seguinte base: tres euros mensuais por equipo para centros educativos con máis dun cento de computadores persoais. Para as necesidades máis específicas das empresas, e xeralmente máis esixentes, pártese da modalidade dos 19 euros por equipo ao mes. Estes días, precisamente, Tegnix habilitou unha web de seu con todo o que precisamos saber sobre esta achega tecnolóxica en aberto: controlsuprimir.com.

No que se refire a funcionalidades concretas, Control Suprimir fornece os seguintes servizos para os centros educativos: importación de contas dende o Xade, intercambio de ficheiros con permisos individuais ou por grupos, copias de seguridade automatizadas e proxy (navegación Internet máis rápida).

No que atinxe aos servizos básicos para as empresas e profesionais, son estes: xestión completa de contas de usuario, intercambio de ficheiros con permisos individuais ou por grupos, copias de seguridade automatizadas e proxy (navegación por Internet máis rápida).

Inclúese, en ámbolos dous casos, unha completa listaxe de posibilidades e vantaxes. Por exemplo: xestión do software libre automatizada (instalación, desinstalación e/ou configuración), seguimento e control de todos os equipos con mantemento preventivo e métodos para evitar eivas ou fallos, resolución de incidencias de software libre instalado e mantemento de hardware.

Da experiencia de Abalar

Segundo nos conta Carlos Rodríguez, xerente e director executivo de Tegnix (CEO), Control Suprimir constitúe en boa medida a prolongación do proxecto Abalar, "a través do que 75.000 equipos dos nosos centros educativos xa levan o sistema automatizado que deseñamos para a Consellería de Educación da Xunta de Galicia". Polo tanto, Control Suprimir é o servizo aplicado a centros educativos e empresas que precisen de mantemento integral de sistemas con GNU/Linux.

Na opinión de Tegnix, tanto uns (centros de ensino) coma outras (firmas do noso tecido produtivo) precisan a día de hoxe, máis que nunca, de servizos como Control Suprimir. Por que motivo? "Pois", conta Carlos Rodríguez, "porque as novas tecnoloxías estanse empregando cada vez máis no ámbito docente e nas empresas, polo que a carga de horas do persoal de mantemento vai en aumento e faise preciso externalizar este servizo nunha empresa especializada como Tegnix".

A principal particularidade do novo servizo da empresa que dirixe Carlos Rodríguez baséase na bagaxe e experiencia previamente xeradas. É dicir, Control Suprimir non sae da nada, e de feito estamos a falar dun servizo xa implantando nos 75.000 equipos de Abalar "cun resultado excelente". Agora chega a un novo estado de evolución ofrecéndose ás entidades públicas ou privadas que o precisen.

Como dixemos, está baseado en software libre e código aberto. Isto, engade a empresa, empraza ao cliente nunha situación de "total liberdade" de escoller o mellor fornecedor, "malia que a oferta que achega Tegnix é a que mellor relación calidade/prezo amosa para o mantemento dos nosos equipos informáticos", explican os responsábeis da firma, que salientan como unha das vantaxes principais do servizo a liberación de tempo do persoal TIC do propio centro adicado "ás complexas tarefas de mantemento onde a infraestrutura pode chegar a máis de 100 computadores". Ademais, grazas a Control Suprimir pódese integrar o servizo co sistema de Xestión Administrativa (Xade) co que cada persoal do profesorado e mesmo do alumnado do centro ten a súa conta individual e independente do equipo onde traballe.

Ademais, inclúese o servizo de "proxy caché", co que a velocidade de navegación por Internet mellora substancialmente.

Polo que respecta ás empresas, diríxese a cubrir unha demanda específica das mesmas: a demanda de soporte técnico especializado en software libre e código aberto. Polo tanto, Control Suprimir ofrécelles, en palabras de Tegnix, "a solución axeitada para o mantemento da súa infraestrutura e despregue de servizos como compartir ficheiros, xestión de contas e permisos centralizados, proxy, redes privadas virtuais (VPN), teletraballo, etc..." ■

Código para compartir

A nosa terra é escenario de múltiples actividades e novidades vencelladas ao software libre

O Ubuntu Phone que lanza BQ vén con galego de serie

Como avanzamos hai uns días dende Código Cero, o primeiro teléfono de Ubuntu púxose á venda este mes de febreiro e da man dun fabricante español, a compañía Bq, que xunto con Canonical (que confiou en Bq para lanzar este dispositivo co sistema operativo libre que Canonical impulsa) quere achegar outra alternativa open source diferente á de Android. Esta alternativa, como dixemos, ten nome propio e é o Bq Aquaris E4.5 Ubuntu Edition, que irrompe no mercado a un prezo de 169.90 euros e con dúas ou tres vantaxes moi significativas. Por exemplo: vai estar dispoñíbel a través de diversas operadoras telefónicas e, ademais, co galego de serie. Isto será unha comodidade moi salientábel para os usuarios da nosa terra, moitos dos cales terán recentes aínda na súa memoria os problemas e os atrancos sufridos para poder usar dispositivos iOS ou con Android na lingua de seu.

Segundo contan dende *O meu Ubuntinho*, hai outras vantaxes, amais da do galego como opción de entrada cen por cen dispoñíbel (confirmado por Canonical estes días nas redes sociais). Así, por vez primeira poderemos empregar nun teléfono móbil os Ámbitos (Sc*opes*) que evitan ter que abrir e cambiar entre múltiples aplicacións. En troques disto, o sistema móbil Ubuntu traeranos todo o que necesitemos á pantalla.

Polo que respecta ao código fonte, estará aberto e cen por cen accesíbel para calquera desenvolvedor ou fabricante que desexe melloralo ou adaptalo ás necesidades concretas de usuarios específicos. Segundo engaden dende o dito blog galego, Canonical ten a previsión de achegar os 50 mellores aplicativos dispoñíbeis, incluído Facebook, Twitter, Dropbox, Evernote e Amazon. Tamén será compatíbel con HTML5 e, ademais, está concibido para ser plenamente operativo como sistema de escritorio en canto se emprega nunha pantalla de computador (a diferenza de iOS e Android).

A un nivel máis técnico, o Aquaris E4.5 Ubuntu Edition ten unha pantalla de 4,5 polgadas (cunha resolución de 960 x 540 píxeles), procesador MediaTek de catro núcleos a 1,3 GHz, 1 GB de RAM, 8 GB de almacenamento interno, cámaras de 8 e 5 Mpíxeles e dobre SIM.

O Bq Aquaris E4.5 Ubuntu Edition pode mercarse en Europa na páxina do propio fabricante. ■

En marcha a terceira edición do programa formativo para os reclusos galegos

Temos nova convocatoria do programa galego alfabetización dixital para os presos dos cárceres galegos, iniciativa impulsada pola Asociación de Usuarios de Software Libre de Terra de Melide (MeLiSA) ao abeiro do Programa de Voluntariado Dixital da Xunta da axencia AMTEGA. Así, o martes 27 de xaneiro púxose en marcha, oficialmente, a terceira edición desta nova achega de actividades formativas e dinamización, actividades que teñen as virtudes extra de realizárense onde máis se precisan e, ademais, ao abeiro do coñecemento e a informática sen barreiras. A terceira edición dos Obradoiros Tecnolóxicos en Centros Penitenciarios de Galicia arrancaron cun obradoiro de montaxe, reparación e configuración de ordenadores con software libre no Centro de Teixeiro.

Este obradoiro terá continuidade até o mes de outubro, "para poder chegar aos sete centros penitenciarios galegos", sinala MeLiSA.

Este proxecto formativo nos centros penitenciarios chega á súa terceira edición despois de levarse a cabo durante os anos 2013 e 2014, edicións "nas que que se realizaron diversas accións formativas nos cinco centros penitenciarios galegos, e os dous CIS, da Coruña e de Vigo, formando a un total de 83 internos, axudando á súa inserción no mercado laboral a través da formación en diferentes áreas TIC", engade MeLiSA. ■

IMPARÁBEL INNOVACIÓN GALEGA

Os nosos profesionais das TIC volven sorprender cunha manchea de desenvolvementos que teñen o sabor inequívoco do novo

DIACAMMA, COMUNIDADE PARA COMPARTIRMOS GASTOS DE TRANSPORTE

Ten futuro na nosa terra algo semellante a Uber? Hai posibilidades de achegar unha plataforma para aforrarmos custes de transporte a través das TIC sen rematar coma o dito servizo, que tivo que cesar temporalmente as súas actividades en España? Ben, todo depende de como se presente e de coidar non entrar en competencia con outros sectores plenamente afianzados. O que si que está claro é que para os responsábeis de Diacamma (www.diacamma.com), a resposta ás preguntas coas que abrimos este artigo é cen por cen positiva. Diacamma é un novo servizo galego posto en marcha na Coruña e que se centra sobre todo en achegar solucións alternativas para o transporte urbano. Segundo conta GCiencia ten máis semellanzas con Blablacar que con Uber.

O servizo galego ten arredor de dous meses de vida e o seu nome, para quen non o saiba, alude a un tipo concreto de formiga, da subfamilia Ponerinae, moi presente en Oceanía e Asia, e que entre outras características presenta a particularidade de non ter raíña. Como é de supoñer, a razón de que os responsábeis da comunidade tiveran elixido o devandito nome ten relación, precisamente, co feito de que estes insectos non teña "xefa". Ou sexa, que con Diacamma alúdese claramente ás vantaxes de xuntar un colectivo non xerárquico onde todo o mundo bote unha man, libremente, para conseguir obxectivos que doutro xeito (a título individual) serían inviábeis. Neste caso concreto, un dos obxectivos a conseguir é ben ambicioso: reducir de xeito gradual pero sensíbel a cantidade de tráfico que se move nas nosas cidades. Ou sexa, que se minimicen os transportes innecesarios (tantos) e, tamén, que se rendibilicen as viaxes e os desprazamentos poñendo un mesmo vehículo ao servizo de varios ocupantes. A maiores, os creadores de Diacamma queren que para todos aqueles aos que non lles queda máis remedio que usar o vehículo propio, o custe de combustíbel ou peaxes non lles resulte tan difícil de asumir.

Trátase pois de crear unha comunidade de usuarios conectados a través da súa plataforma dispostos a compartir medios de transporte. O servizo céntrase nun principio en actuar sobre traxectos curtos, sobre todo urbanos, como desprazamentos ao traballo ou a distintos eventos. Con todo, os responsábeis da comunidade non pechan a posibilidade de ampliala a usuarios que realizan viaxes longas. A principal diferenza con Uber radica na súa arela de lucro: en Diacamma directamente non existe. Polo tanto, a súa actividade non se pode confundir nin emparellar coa de Uber de ningunha maneira. Do que se trata é de permitirlles aos condutores e internautas un xeito de non deixarse medio soldo na estrada. Detrás deste innovador servizo están os informáticos galegos Rubén Quintela e David Tubío. ■

AIG LANZA UN INNOVADOR PRODUTO DE XESTIÓN PARA COMERCIO

AIG, Asesoría Informática Galega, vén de lanzar un novo produto "áxil e intuitivo" para a xestión empresarial, a versión 6 do programa ClassicGes. Segundo nos contan os responsábeis de AIG, firma emprazada en Vigo, ClassicGes 6 conta con tres versións, Comercio, Hostalaría e Fabricación-Autónomos-Profesionais. Cada unha delas vén preconfigurada para un diferente sector de actividade, sinala AIG, que para este novo desenvolvemento tirou proveito do éxito colleitado por plataformas previas, como por exemplo as versións anteriores do propio ClassicGes ou as de ClassicConta e ClassicAIR.

Volvendo a ClassicGes 6, inclúe ferramentas como o Buscador Global, unha funcionalidade

situada na propia interface do programa que permite efectuar procuras en calquera intre e mesmo mentres estamos a traballar con outras xanelas abertas e operativas. Tamén se incorpora a ferramenta Facturación Electrónica, que posibilita que os provedores que fornezan bens e servizos aos organismos públicos sexan quen de desenvolver esta actividade acorde á nova lexislación.

O programa tamén permite importar datos doutras aplicacións e ficheiros Excel para "poder traballar dende ou primeiro momento sen que o rendemento da empresa se vexa afectado", cóntanos AIG, que lembra tamén que o produto deixa unha ampla marxe de mobilidade, xa que podemos tirarlle partido ou conectarnos dende calquera lugar a través de ClassicAIR. ■

APPLADIN QUERE SER INTERNACIONAL

Entre as aplicacións de raizame galega que se deron a coñecer ao longo do ano que vimos de deixar atrás, sen dúbida entre as máis salientábeis atópase Appladin, unha ferramenta de gran interese empresarial, laboral e social e que se dirixe, basicamente, a botar unha man aos internautas que estean á procura dun posto de traballo. Dito doutro xeito: estamos ante un recurso móbil que conecta autónomos e clientes, profesionais e contratantes, en base á súa situación xeográfica. Segundo nos contou en novembro Alberto Rodríguez, socio fundador da iniciativa, o obxectivo deste desenvolvemento pasa por contribuír a que nos afagamos aos novos xeitos de atopar traballo, xa que as formas mudaron, e tamén pasa por converter a tarefa de buscar un posto laboral en algo que se poida facer en calquera intre e lugar. Agora, o novo obxectivo é acadar 240.000 euros para espallar a iniciativa no eido internacional.

Segundo se fai saber dende a revista Eco (Eixo Atlántico) reflectindo fontes directas dos creadores de Appladin, esta vén de abrir a súa primeira rolda de financiamento tras comezar a actividade de seu con capital privado. Isto que significa? Pois basicamente que calquera de nós pode participar no proceso de crecemento con cifras que parten dos 1.000 euros de contribución. A meta, como dixemos, será impulsar a presenza de Appladin noutros mercados, dado o seu elevado potencial (xa conta con máis de 11.000 usuarios en España). Segundo apunta Alberto Rodríguez, "dende o principio estivo claro que ía haber demanda e mercado". Os meses recentes foron meses de "éxito repentino", engade, e este proceso de medre fulminante fíxolles pensar a Alberto e aos seus compañeiros "que a idea tamén podía funcionar noutros moitos países". Como dixemos, o obxectivo é chegar aos 274.000 euros, e xa se recadou a metade do total. ■

CILENIS LOCE ÉXITOS PERANTE A COMUNIDADE DOCENTE E EMPRESARIAL

O co fundador e director de Cilenis, empresa xurdida ao abeiro da Universidade de Santiago e especializada en tecnoloxías da linguaxe, Isaac González, presentou a súa iniciativa o pasado venres 30 de xaneiro perante a nosa comunidade TIC docente, investigadora, profesional e empresarial. O acto celebrouse no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (CiTIUS). Amais das liñas principais de actividade de Cilenis, González tamén expuxo algunhas das ferramentas lingüísticas achegadas pola empresa: dende analizadores de sentimentos até recoñecedores de entidades e conxugadores en diferentes idiomas, como o galego, o español, o portugués e o inglés.

Asemade, debullou as orixes da compañía (que iniciou a súa actividade en 2011 como *spin-off* universitaria, gañando nese mesmo ano o Primeiro Premio como Proxecto Empresarial Innovador) e algúns dos principais fitos da súa andaina (como por exemplo a adhesión ás fileiras de Cilenis, en 2012, do empresario e analista económico Marc Vidal, que se converteu en socio da empresa galega adquirindo parte da mesma).

Unha das cuestións máis salientábeis da presentación foi sen dúbida o portal de ferramentas lingüísticas Linguakit lanzado o ano pasado por Cilenis. Isaac González lembrou que esta achega ofrece ao gran público un completo portal de análise textual que achega de xeito doado unha morea de instrumentos tecnolóxicos para o uso e o estudo de catro linguas: galego, español, inglés e portugués. Trátase, dixo, do primeiro portal de recursos lingüísticos para este grupo de idiomas e, moi especialmente, para o galego, que dispón por primeira vez de ferramentas até agora só accesíbeis para o inglés e o castelán. ■

STUKERS XA ACUBILLA 7.500 USUARIOS

A empresa galega Stukers, centrada en achegar tecnoloxía para facilitarnos ao máximo a procura dunha vivenda compartida, está a promover xa os seus servizos en todo o ámbito estatal. Como lembraremos, Stukers é unha das iniciativas que participan na aceleradora Galicia Open Future de Telefónica (Centro de Emprendemento do Gaiás en Santiago), tirando o máximo partido da fórmula de *crowdworking*, emprendemento e innovación achegada pola operadora. Na presentación da aceleradora, Rodrigo Garrido, un dos responsábeis de Stukers, dixo que estamos ante un servizo de interese para estudantes ou xente nova que queira independizarse, "poñendo preto do usuario as persoas da comunidade en liña máis potencialmente idóneas coas que compartir piso". Ou sexa, aquelas coas que o usuario tería máis cousas en común. Detrás de Stukers, que xa ten 7.500 usuarios, atópanse catro emprendedores galegos. A súa arela, "achegar convivencias perfectas".

Segundo engaden agora os creadores da iniciativa, con motivo do lanzamento definitivo de Stukers a nivel español, o portal *online* céntrase "na parte humana da vivenda para que calquera persoa poida atopar amigos nos seus compañeiros e a vida baixo un mesmo teito sexa unha grata experiencia." Para iso, Stukers fai un test de 5 preguntas co obxecto de pescudar como é cada persoa na convivencia.

"O servizo", explican, "naceu da nosa intención de axudar aos nosos propios compañeiros cando estabamos na carreira, propuxémolo como proxecto fin de grao pensando en facer algo que nos puidese ser útil a todos nós". Así nolo conta

ABERTAL PRESENTOU AS NOVAS WEBS TURÍSTICAS DE RIBADEO

A empresa galega Abertal deu a coñecer a finais de xaneiro os resultados do seu traballo de deseño e desenvolvemento web para o Concello de Ribadeo. O proxecto artellouse en varias iniciativas en liña con claro compoñente turístico. Por unha banda, deu como resultado a nova web da Praia das Catedrais (ascatedrais.gal), que nace co obxectivo de achegar nun mesmo espazo toda a información referente á dita contorna costeira. Segundo informou Abertal, na páxina "pódese atopar a máis completa información sobre a súa historia, xeoloxía, entorno natural, así como información útil para visitala". Por exemplo, datos útiles sobre mareas, emprazamento, consellos para chegar e percorrer a contorna, cousas que facer, preguntas frecuentes, etc.

Por outra banda, a empresa tamén deu a coñecer a nova web turística do Concello de Ribadeo (turismo.ribadeo.gal), desenvolvida ao abeiro da campaña de promoción turística #Ribadeoxqsí. A páxina en cuestión colleu corpo coa arela "de amosar a grande riqueza natural, paisaxística e cultural de Ribadeo". A idea, a maiores, foi convertela na porta na que petar, informativa e comunicativamente falando, para todos aqueles turistas e visitantes potenciais que teñan pensado recalar no concello da Mariña de Lugo. Ao fío deste obxectivo de ser referencial e segundo apunta Abertal, "emprestouse moita atención ao uso da web en móbiles e tabletas, procurando unha navegación o máis doada posíbel e a máxima marxe de uso neste tipo de dispositivos". ■

Roberto Andrade, outro dos impulsores da empresa, que sinala que a súa experiencia buscando e compartindo piso tamén foi importante á hora de pensar "en que queriamos ofrecer". E di: "Con esta web queremos achegar coñecementos sobre o estilo de vida de cada unha das partes sen deixar de lado a procura de piso".

Por certo que a web tamén fornece aos propietarios unha plataforma a través da cal poden promover o seu piso buscando directamente a aqueles inquilinos que lles resulten máis idóneos. "Tanto caseiros como compañeiros que teñen habitacións ceibes poden ofrecer datos ás persoas que buscan aloxamento e poden ver os perfís doutros usuarios para decidir cal é o seu candidato ideal", sinalan.

O portal permite buscar compañeiros, filtrar segundo os seus trazos de personalidade, ver os perfís de posíbeis futuras persoas coas que convivir e contactar libremente con elas.

Arestora, Stukers conta con máis de 2.000 vivendas en toda España. ■

O PARQUE DE PEREIRO DE AGUIAR, NA VANGARDA DO DESEÑO WEB

A empresa galega Initcoms Solucións TIC, con sedes en Ourense e Coruña e centrada en servizos de desenvolvemento web e programación, vén de presentar este mes de febreiro un interesante proxecto de seu. Trátase do novo espazo en liña do Parque Empresarial Pereiro de Aguiar (parqueempresarialpereiro.com), unha páxina que salienta, ante todo, polos esforzos postos ten xogo en materia de deseño e funcionalidade. Ademais, segundo nos conta Initcoms, outro dos puntos destacábeis é sen dúbida o feito de que se trata dun "desenvolvemento completamente a medida".

Isto, explica a empresa, permitiu dotar o portal dunha completa *intranet* ou zona privada, a dispor dos asociados do parque, coa que se poden ofrecer múltiples servizos, dende boletín de prensa até acceso aos estatutos, pasando por actas, licitacións, publicacións ou novas (actualidade).

En definitiva, trátase dun páxina viva e con a amplas posibilidades de adaptación a novos servizos e acubillos. De feito, poder incorporar novas funcionalidades é unha das bases do proxecto: a súa capacidade de continuar medrando e evolucionando "dunha maneira segura". Entre as principais características da web atópase o seu compromiso polo deseño *responsive* (permite unha visualización correcta en calquera dispositivo, tabletas, *smartphones, notebooks*, etc) e pola nosa lingua (o galego) sen desatender os idiomas de boa parte dos clientes das empresas do parque (inclúense tamén versións en español e inglés). Ademais, é un sitio "autoadministrábel", ou sexa que o podemos xestionar a través dun *back office* "dunha maneira sinxela e sen necesidade de posuír amplos coñecementos técnicos".

Segundo engaden os seus creadores, a idea é ir alén de acadar un sitio funcional e cun bo deseño, algo que "está ao alcance hoxe en día de calquera organización, dende un profesional autónomo até un parque empresarial", din. Pola contra, o que se buscou é acadar un servizo útil, ben presentando, completo, doado de usar e accesíbel e usábel para todo tipo de usuarios, contornas e dispositivos. ■

Daniel Graña, xerente de SAT

"Hoxe en día, calquera pode cambiar unha pantalla"

Yoloreparo consolida dende Vigo a fórmula dos usuarios reparadores dos seus propios dispositivos

entrevista

A empresa SAT puxo en marcha en Vigo un laboratorio pioneiro (segundo indican, "o primeiro das súas características en Europa") aberto aos usuarios de dispositivos onde estes poden amañar e poñer a punto os trebellos de seu en poucos minutos. Chámase Yoloreparo (yoloreparo.com) e achéganos entre outras cousas uns *boxes* de feitura futurista no número 219 da rúa Travesía. Preséntase como un establecemento accesíbel con todas as ferramentas precisas para un correcto arranxo e actualización técnica, manuais e un técnico especializado ao seu dispor. Segundo apunta Daniel Graña, xerente de Yoloreparo e fundador de SAT, outro dos puntos a ter en conta é que neste servizo ofrécese a posibilidade dunha reparación a un custo moi reducido. A clave está en facilitar que nos convertamos en reparadores da nosa propia tecnoloxía.
Isto non é unha utopía. Para Graña, está claro que "hoxe en día calquera pode cambiar unha pantalla, colocar un altofalante ou instalar unha batería nova". A proba disto: polo obradoiro xa pasa unha media de 15 clientes ao día, e a cifra vai medrando.

A maiores do devandito, cómpre sinalar que grazas ao sistema de manuais actualizados de Yoloreparo calquera cliente pode emendar os aparellos TIC de terceiros, acadando así unha actividade emprendedora a un custo mínimo e cun amplo mercado potencial.

- Por que este que estamos a vivir é o momento axeitado para que os usuarios de dispositivos móbiles nos animemos a pór a punto os nosos aparellos? Dito doutro xeito: porque agora e non antes? En que se diferencia a tecnoloxía móbil de hai uns anos da de agora?

- Os motivos son principalmente dous. O primeiro é que cada vez a arquitectura dos móbiles é mais sinxela. Hai dez anos entraban no noso taller teléfonos como o Motorola Star Tac, Nokia 8210 ou o popular Alcatel One Touch Easy e aparte de trocar pantallas, pois os técnicos metíanse en reparacións moi delicadas de placa base, cambiar chips, para o que moitas veces facía falla ter coñecementos bastante avanzados de electrónica e ferramentas que non estaban ao alcance de todo o mundo. Na actualidade o 80% das reparacións consisten en trocar peza por peza, se falla a pantalla, a trócalas e listo, igual ca a batería, as conexións, etc. O segundo motivo é que cada vez a xente anímase máis a facer estas reparacións, ven titorías en YouTube ou en webs e finalmente collen folgos para meterlle man aos seus equipos.

- É certo que calquera usuario cun mínimo de coñecemento tecnolóxico está en disposición de reparar o seu móbil ou poñelo a punto? Que pasa cos que non destacan precisamente pola súa habilidade para arranxar cousas electrónicas?

- Tanto nun caso coma noutro podes facelo, soamente tes que ser un pouco atrevido. A verdade é que para trocar una pantalla, unha batería, unha carcasa ou un conector non fai falla ter ningún coñecemento de electrónica, simplemente saber usar un desaparafusador e facelo con coidado e seguindo os pasos.

> Para trocar una pantalla, unha batería, unha carcasa ou un conector non fai falla ter ningún coñecemento de electrónica

- Como se vos ocorreu a idea de poñer en práctica un laboratorio aberto para os usuarios de móbiles?

- A idea veu principalmente das estadísticas de entrada de equipos no noso SAT. Notamos un incremento considerable de xente que tentaba mudar una pantalla por outra e que sen querer remataban por romper o cable flex, por exemplo. Doutra banda, moita xente que merca pezas na nosa web fainos consultas de como inserilas e pensamos que facer un laboratorio deste tipo podería ser moi beneficioso para ambas partes.

- Tendes algunha cifra sobre o uso que os vigueses lle están dando ao voso "obradoiro"?

- Pois tendo en conta que temos unha media de 15 clientes diarios, iso serían uns 75 semanais e polo tanto uns 300 mensuais. De todos os xeitos, non só son clientes de Vigo, xa que hai xente que vén de todas as localidades próximas como Nigrán, Porriño. Tui, Ponteareas, e mesmo de sitios mais afastados como Ourense, Santiago de Compostela, Monforte de Lemos, Cerceda...

- Faládenos brevemente de como funciona a iniciativa Yoloreparo. Poñamos por caso que teño un aparello coa pantalla rota e quero cambiarlla, que podo facer no voso laboratorio?

- O primeiro que terías que facer é entrar na web yoloreparo.com ou satvigo.com para pedir cita. Unha vez que veñas, accederías a un posto de traballo con todo o equipamento preciso, no caso dunha pantalla os trebellos habituais son os desaparafusadores, algunha espátula, pinzas... Se o cliente ten coñecementos empezaría a facelo dende o intre en que entra nas nosas dependencias, e se non é é así contaría co asesoramento do noso técnico, que lle explicaría como artellar o traballo desde cero. Na nosa web temos un amplo catalogo de titorías das que o cliente pode axudarse ou, se o prefire, tamén ten un ordenador con acceso a Internet no que consultar calquera dúbida que poida xurdir. Normalmente, en media hora estaría lista a reparación ou a posta en punto. ■

Samsung Portable SSD T1, unha unidade externa elegante, rápida e segura

Nos últimos anos os discos duros foron perdendo presenza nos equipos informáticos fronte ás unidades SSD, principalmente polas grandes diferenzas en velocidade (así como tamén unha importante redución do ruído que emiten os ordenadores) e avanzando nesta liña e grazas ao abaratamento paulatino das unidades SSD comezamos a ver dispositivos deste tipo en formato externo e cun deseño bastante elegante como o novo Samsung Portable SSD T1, que sae á venda con capacidades de 250 GB, 500 Gb e 1 TB e prezos de 179,99, 299,99 e 599,99 dólares respectivamente (154,71, 157,86 e 515,73 euros).

Estas novas unidades están claramente dirixidas a un público profesional, que ten que traballar con ficheiros de grande tamaño, e que precisa de certa seguridade. Falamos de unidades capaces de mover até 450 MB por segundo, o que sería entre 3 e 7 veces máis rápido que un disco duro externo tradicional, o que pode supor un importante aforro de tempo, por exemplo, para deseñadores gráficos. Para manter os datos seguros tamén inclúe cifrado AES de 256 bits, e ao estarmos ante unha unidade SSD (sen partes móbiles) tampouco hai que temer que a información se estrague por vibracións ou lixeiros golpes, o que é unha importante vantaxe en mobilidade.

O seu tamaño é moi compacto (71 x 53,2 x 9,2 milímetros) de xeito que pode levarse comodamente nun peto ou careira, facilitando o transporte de datos. ■

O Samsung Galaxy A7 preséntase como o smartphone con estrutura metálica unibody máis fino

Samsung parece ter conseguido certo éxito coa súa liña de smartphones con acabado premium, e continúa a reforzala, de aí que agora presente o Galaxy A7, o teléfono da familia Galaxy máis fino cun grosor de só 6,3 milímetros, que aposta máis por un deseño elegante que por unhas especificacións moi elevadas, o que parece conectar ben cos consumidores.

O Samsung Galaxy A7 vén equipado cun procesador multi-núcleo que combina dous procesadores de catro núcleos, 2 GB de RAM, 16 GB de almacenamento interno (ampliable mediante tarxetas de memoria de até 64 GB), pantalla Super AMOLED de 5,5 polgadas, cámaras de 13 e 5 Mpíxeles, LTE, Wi-Fi N, Bluetooth 4.0, NFC, batería de 2.600 mAh e un peso de 141 gramos. Un dispositivo bastante modesto en prestacións, que chegará ao mercado a finais do presente trimestre a un prezo duns 509 euros, o que parece un prezo bastante contido para un terminal que, se ben non pode presumir das especificacións dun Galaxy S5 ou un Galaxy Note 4, si conta coa estrutura metálica unibody que lle dá o seu acabado de calidade e que pode presumir de ser o dispositivo deste tipo máis delgado do mercado (pois o grosor do iPhone 6 é de 6,9 milímetros). Polo momento está confirmado que contará con modelos con carcasa de cor negra, dourada ou branca, e con distintos procesadores en función do mercado no que se comercialice. ■

Microsoft amplía a gama económica de smartphones Lumia

Mentres seguimos á espera para ver o primeiro móbil insignia con Windows Phone lanzado baixo a marca de Microsoft, vemos como a compañía de Redmond continúa a reforzar as súas gamas máis baixas e de consumo masivo, o que o mes que vén vai chegar a un rango de prezos inédito co lanzamento dos Lumia 435 e Lumia 532, que custarán aproximadamente 69 e 79 euros respectivamente, facendo extraordinariamente asumible un smartphone con Windows Phone 8.1, que incluso incluirán Office, Skype (facilitando as videoconferencias, pois contan con cámara frontal) e 30 GB de almacenamento en OneDrive.

Temos así que o Lumia 435, co seu prezo aproximado de 69 euros, sería o smartphone con Windows Phone 8.1 máis económico do catálogo de Microsoft, o que supón un prezo realmente axustado se temos en conta que xa estamos cun dispositivo cun procesador Qualcomm Snapdragon 200 de dobre núcleo a 1,2 GHz, 1 GB de RAM (evitando así as limitacións dos terminais con 512 MB), 8 GB de almacenamento interno (ampliable mediante tarxetas microSD de até 128 GB), pantalla de 4 polgadas cunha resolución de 800 x 480 píxeles, cámaras de 2 e 0,3 Mpíxeles, batería de 1.560 mAh, 11,7 milímetros de grosor e 131,85 gramos de peso. Un dispositivo a ter moi en conta que en certos mercados chegará coa posibilidade de empregar dobre SIM. Continuando coa estética habitual da familia Lumia, o teléfono venderase con carcasas de cor branca, negra, verde ou laranxa.

Para usuarios algo máis esixentes teremos o Lumia 532, que continúa a ter un prezo moi axustado (uns 79 euros) pero que mellora ao seu irmán en procesador (agora cun Qualcomm Snapdragon 200 de catro núcleos a 1,2 GHz) e na cámara, xa que a súa cámara frontal ten unha resolución de 5 Mpíxeles.

Estamos claramente ante bos teléfonos de entrada, que grazas ao seu deseño poderían resultar atractivos para a xente moza. ■

Apogee presenta un accesorio para ter son con calidade de estudio nun portátil

Aínda que os ordenadores portátiles contan con toma de auriculares, non sempre dan unha calidade suficiente para os máis esixentes, de aí que Apogee Electronics presente Groove, un novo conversor dixital a analóxico (DAC) USB e amplificador de auriculares para poder escoitar música no Mac ou no PC con calidade de estudio.

O Apogee Groove sairá á venda en primavera por un prezo aínda por determinar, e entre as súas prestacións podemos destacar que soporta audio de até 24 bits e 192 kHz, conta con ESS Sabre DAC, coa tecnoloxía Constant Current Drive busca unha resposta de frecuencias ultra-suave con calquera auricular, consegue un rango dinámico moi elevado e unha distorsión mínima con 4 DAC por canle, ten unha saída máxima se 225 miliwatts a 30 ohms, conta con varios LED multi-cor para indicar o nivel e o estado, aliméntase e conéctase por USB 2.0, mide 95 x 30 x 16 milímetros e está construído nun corpo de aluminio de alta calidade (que, aparte do seu modelo normal negro, tamén terá versións en prata e ouro para celebrar o 30º aniversario de Apogee Electronics). ■

Xbox One | PS4 | PC

THE ELDER SCROLLS ONLINE

Prescindirá de subscricións de pagamento

O vindeiro 9 de xuño chegará a PlayStation 4 e Xbox One o xogo *The Elder Scrolls Online: Tamriel Unlimited,* que non só suporá o desembarco de *The Elder Scrolls Online* nas consolas da actual xeración incluíndo todas as actualizacións que foi recibindo o xogo durante o último ano na súa versión para PC, senón que tamén suporá un grande cambio neste título, xa que eliminará a necesidade de pagar unha subscrición mensual para poder gozar do xogo.

Para poder gozar axeitadamente do xogo en consola tamén se adaptou convenientemente a súa interface de usuario, conseguindo unha experiencia *"máis auténtica"* que a de anteriores xogos da franquía na súa versión de consola.

O xogo tamén estreará novos sistemas *Champion* (un sistema de progresión totalmente novo para os personaxe de nivel máximo) e *Justice* (que permite roubar, asasinar e responder ante a Xustiza no caso de ser atrapado) e contará coa posibilidade de subscribir un servizo de afiliación premium para recibir de balde os paquetes de contidos descargables que vaian saíndo para o xogo, bonificacións de experiencia, ouro e artesanía e unha asignación mensual de Coroas para mercar obxectos na Crown Store. ■



TRAILER DO XOGO



TRAILER DO XOGO

PC | Xbox One | Wii U | PS4 | PS3 | PS Vita | iOS

BADLAND

Chegará a consolas e PC en primavera

Frogmind Games sorprendeu en 2013 co seu xogo para móbiles *BADLAND*, que conseguiu o recoñecemento como mellor xogo para iPad dese ano, e finalmente prepárase para a súa estrea en plataformas tradicionais esta primavera, para cando se prevé a súa estrea en PC, Xbox One, Wii U, PS4, PS3 e PS Vita. Esta nova versión chegará baixo o título de *BADLAND: Game of the Year Edition*, e redeseñouse para pantallas grandes amosando uns gráficos aínda máis detallados, á vez que modificou o seu control para afastarse dos simples toques en pantalla do xogo orixinal.

A nova entrega de *BADLAND* terá catro veces máis contido que o xogo orixinal, garantindo unhas 15 horas de xogo a través dos seus 100 niveis para un xogador, 100 niveis cooperativos e 27 escenarios para un modo *deathmatch* multi-xogador para até catro persoas en local.

Para facer posible o lanzamento deste xogo en tantas plataformas Frogmind tivo que aliarse con outros dous estudios independentes, como son Blitworks *(Fez, Spelunky e Bastion)* e Frozenbyte *(Trine)*, o que é toda unha garantía de calidade. ■

Xbox One

FORZA MOTORSPORT 6

Será exclusivo para Xbox One

Co gallo da celebración do North American International Auto Show de Detroit, Microsoft e Turn 10 estudios anunciaron oficialmente o xogo *Forza Motorsport 6*, que será un título exclusivo para Xbox One e que dáse a coñecer ao mesmo que o novo Ford GT, que será o seu vehículo de portada. No xogo tamén aparecerán outros coches como o Shelby GT350 Mustang e o F-150 Raptor, que tamén se poden ver estes días na feira do motor que enmarca esta presentación.

Teremos que agardar até o E3 (feira de videoxogos que terá lugar en xuño) para coñecer máis detalles sobre o novo *Forza*, pero é de agardar que esteamos ante un importante salto adiante na simulación automobilística na que esta franquía conseguiu un bo equilibrio entre diversión e experiencia realista, de xeito que é do agrado tanto para amantes ao mundo do motor como para simples xogadores. ■

VÍDEO DE PRESENTACIÓN

TRAILER DO XOGO

Xbox One | PS4

RISK

O clásico xogo chega a Xbox One e PS4

Un dos xogos de estratexia máis coñecidos é sen dúbida o *RISK*, e aínda que o tradicional fose gozar desta experiencia de dominación mundial nun taboleiro físico, tamén podemos xogar a este título en ordenadores persoais e consolas de videoxogos, ampliándose hoxe mesmo as plataformas para as que está dispoñible, xa que Ubisoft vén de estrear RISK para Xbox One e PlayStation 4 en formato descargable a un prezo de 14,99 euros.

Esta nova entrega ofrece unha emocionante experiencia estratéxica coas regras estándar de 2010, dirixindo a guerra dende unha sala de control de alta tecnoloxía, co mapa tradicional agora representado en tres dimensións, e facilitando incluso a participación nunha liga en liña para competir con xogadores de todo o mundo.

Aínda que inicialmente só estará dispoñible para consolas da presente xeración, durante as vindeiras semanas debería de estrear tamén versión para Xbox 360 e PlayStation 3. O xogo é unha das adaptacións a consolas de clásicos de Hasbro, compañía á que tamén debemos o coñecido *Monopoly*, que tamén estreou xogos hai un par de meses. ■

Quercus®

EL DESCANSO MÁS NATURAL

Una especie única. La historia de un colchón que nace de la naturaleza, del contacto con cada bosque, con cada hoja que sirve para evocar un descanso único y singular.

El confort de un sistema de descanso que envuelve cada sonido del paisaje, cada percepción, cada olor, cada instante. **Quercus®** es innovación y tradición. Es una revolución natural y 100% artesana en el mundo del colchón.

terxy® galicia calidade

www.terxy.com

As grandes ideas para
as pequenas empresas
xa teñen o seu centro

Centro Provincial de Asesoramento Empresarial 2.0

- Información, análise e asesoramento sobre o uso das TIC
- Titorización na incorporación das Novas Tecnoloxías
- Capacitación tecnolóxica
- Demostración de produtos e solucións TIC
- Acompañamento para o uso do Comercio Electrónico
- Procura de axudas e subvencións no ámbito tecnolóxico

www.cpae20.depo.es | info.cpae20@depo.es | 886 20 20 20

Cambados | Lalín | Ponteareas | Pontevedra | O Porriño | Vigo

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL "Unha maneira de facer Europa" UNIÓN EUROPEA
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
depoTIC
Deputación Pontevedra
intro Innovación, Novas Tecnoloxías e Recursos Online